

TEMPORADA 2018|2019



FAGÁMOLA BOA! CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

XUNTA DE GALICIA

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura e Turismo a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centro.dramatico.galego@xunta.gal

www.centrodramatico.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)

Comunicación. Agadic

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.gal

www.agadic.gal

 [agadic](https://www.facebook.com/agadic)

*O ideal sería matar un porco
matalo no medio do espectáculo
xa que en si
a matanza dun porco
xa é un espectáculo
a matanza dun porco
en escena
é a metáfora perfecta
tamén sería un bo motor publicitario
unha obra de teatro que inclúa a matanza dun porco había de saír nas televisións
nas televisións locais e tamén nas nacionais
e nas estatais
e quizais poderíamos chegar á BBC
o chan ensanguentado dos teatros burgueses galegos dunha obra que fala sobre as nosas porcalladas
si
iso sería o ideal*

Esther F. Carrodegua
Fantasía nº 5 en sol ou non

*Chamámoslle país, pero non pasamos de ser unha campaña publicitaria
unha festa gastronómica
un suicidio colectivo.*

Roi Vidal Ponte
Boisaca ou a divina desgraza

ÍNDICE

01

Presentación	06
------------------------	----

02

Producción propia	08
<i>Neorretranca e posmorriña</i> , de Esther F. Carrodegua e Roi Vidal Ponte	

03

Coproducións	13
<i>Doppelgänger</i> , de Berrobambán 14	
<i>A compañeira de piso</i> , de Contraproducións 19	
<i>Invisibles</i> , de Redrum Teatro 24	
<i>Soma</i> , de Javier Martín 29	
<i>Se fosen turistas levarían gafas de sol</i> , de Limiar Teatro 32	

04

DramatUrxente	36
-------------------------	----

05

Residencias	38
Inversa Teatro	39
<i>Sofía e as postsocráticas</i>	
Funboa Escénica	39
<i>Masa madre + sal marina</i>	
<i>Eso que vi</i>	
<i>O que segue</i>	
Artesacía	41
<i>Chola a It Girl</i>	
Colectivo Marciano Balboa [Escenas do Cambio]	41
<i>O inevitable</i>	
Redrum Teatro	42
<i>A nena que quería navegar</i>	
<i>Contos do recreo</i>	
<i>Invisibles</i>	

06

Gran teatro para os máis pequenos 44

Nómades, de Xarope Tulú + Taller
Os fabulosos Cleaners, de Malasombra + Taller
Muiñada, de Galeatro + Taller

07

Teatro Ob-Sceno 46

Alicia morreu de sobredose, de Noelia Toledano
Váter, de Roberto Salgueiro

08

Formación 48

O actor de circo, por Roberto Magro
Talleres Gran teatro para os máis pequenos
A escoliña do espectador/a. Festival Escenas do Cambio
O corpo como forma de expresión. Taller de adestramento físico
Xogar a ser outr@. Taller de construción de personaxes
As cancelas do falar. Taller de competencia lingüística
Ficción e documento. Taller de dramaturxia
Unha ollada diferente. Centro Dramático Nacional

09

Publicacións 55

Neorretranca e posmorriña
(Fantasía nº 5 en sol ou non, de Esther F. Carrodeguas,
e *Boisaca ou a divina desgraza*, de Roi Vidal Ponte)

10

Exhibición 56

11

Servizos 67

PRESENTACIÓN



O meu avó paterno foi mestre durante a Guerra Civil. Mestre, poeta e pintor no cárcere. Daqueles anos, o que máis lle doía era lembrar a moza que o deixara por outro, cansa de tanto esperar. “Agora, que somos os dous viúvos, quere ter algo comigo, pero nin caso. Ademais, grazas a ela coñecín a túa avoa.”

O meu avó materno foi, tamén naquela época, director do campo de concentración que había en Padrón. Con el non tiveron ocasión de falar daqueles tempos. Morreu ao pouco de nacer eu, converténdose no meu avó militar e manco (pola guerra de Marrocos) e estrito dabondo no que ao deber se refería.

Os dous, José e Manuel, habitaron a mesma época, compartiron a mesma terra, viviron vidas totalmente diferentes, e acabaron por sentar á mesma mesa. A pesar do que se podería imaxinar, falábase moito naquela mesa. E continúaase a falar moito, hoxe en día, en moitas mesas, a pesar da diferenza de opinións.

Mencionei os meus avós e non as miñas avoas. Elas (a elas si que as coñecín, e adoreinas ás dúas) aparecen na miña memoria como acompañantes dos seus homes, como criadoras dos seus fillos, e como amantes dos seus netos. E delas naceron os meus pais. A miña nai, traballadora infatigable ata cando a vence a fatiga; e o meu pai, con méritos profesionais e persoais parellos aos da miña nai e un máis, que é alegrarse sempre de estar ao carón dunha muller forte e contundente que soubo marcar o seu propio camiño.

Vexo agora claramente que, aínda que os avós aparecen nos títulos de crédito en primeiro lugar, foron elas, Alicia e Pilar, sempre elas, as que levaron o peso da película. E hai moito que vai sendo hora de que as que levan o peso reciban tamén o recoñecemento correspondente. Hai moito que vai sendo hora de que sintamos orgullo por elas sen actitudes paternalistas. Hai moito que vai sendo hora de que todas entendamos (por favor, que os homes se sintan incluídos neste plural xenérico feminino, eu levo 44 anos sentíndome incluída no plural xenérico masculino e sigo en pé) que o diálogo sempre foi a saída para todo (non a mellor, senón a única) e que as persoas que conformamos a poboación base deste país temos moi claro que falando se entende a xente, e ademais se nos dá moi ben entendernos.

Pois ben, este ano temos a sorte de contar cunha programación que reflexiona desde o diálogo sobre a identidade galega, con todas as súas contradicións; desde o diálogo, que é o que é o teatro: unha conversa a través do tempo entre público e escenario. E faino en clave de igualdade.

Diálogo e igualdade para lembrarnos, unha vez máis, que o Teatro non é necesario porque é imprescindible. Para lembrarnos que nos últimos anos estamos perdendo artistas. Que con cada artista que perdemos, perdemos capacidade de pensar, vivir, soñar por nós mesmas. E que de nós depende escoller entre soñar ou ser vítimas de pesadelos, que non son máis que os sonhos doutros.

Fefa Noia

PRODUCCIÓN PROPIA

NEORRETRANCA E POSMORRIÑA

TEXTO: *Neorretranca e posmorrinha*, a partir de
Fantasia nº 5 en sol ou non Esther F. Carrodegas e *Boisaca ou a divina*
desgraza Roi Vidal Ponte

DIRECCIÓN: Gena Baamonde

ELENCO: Ánxela Blanco, Areta Bolado, Olga Cameselle
Mercedes Castro, Raquel Espad, Anabell Gago, Atenea García
Andrea Quintana, María Roja e Laura Villaverde

ESCENOGRAFÍA: Marta Pazos

VESTIARIO: Saturna

CARACTERIZACIÓN: Esther Quintas

ILUMINACIÓN: Wilma Moutinho

MÚSICA E ADESTRAMENTO VOGAL: Ailén Kendelmann

COREOGRAFÍA E ADESTRAMENTO FÍSICO: María Cabeza de Vaca

ASESORÍA LINGÜÍSTICA: Rosa Moledo

ASISTENTE DE ESCENOGRAFÍA: Carmen Triñanes

ASISTENTE DE MÚSICA E ADESTRAMENTO VOGAL: María Alonso Velázquez

ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Iria Acevedo

ASISTENTE DE PRODUCCIÓN: Hugo Torres

ENSAIOS: do 11 de febreiro ao 10 de abril

ESTREA: 11 de abril

FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO: do 12 de abril ao 5 de maio

XIRA: do 6 de maio ao 7 de xullo

FANTASÍA Nº 5 EN SOL OU NON

Unha varredora baila levando a area que moveu a treboada de novo no seu sitio: recoloca o mundo atacado polo home. Alguén pinta no muro "Viva España". Unha vella agarda pola morte.

Mentres tanto, a moza que vai saír de marcha non sabe como combinar a saia de Zara co pano tan bonito da súa bisavoa. No micrófono, alguén berra: XA NON HAI TEMPO PARA APOIARSE NAS PAREDES. E na parede, alguén pinta: MIÑA NAI FALA GALEGO MI PADRE HABLA CASTELLANO 50 AÑOS FELICES

As vellas botan "gasofa" na terra para que medren as cenorias. E nós preguntámonos cando chegará unha xeración verdadeiramente apaixonada, unha desas de LUME (pero outro lume, eh!). En proskenio: a maleta.

BOISACA OU A DIVINA DESGRAZA

O dramaturgo, encarnado nunha actriz veterana, ten que escribir unha obra de teatro sobre a identidade nacional, coa posibilidade de que esta sexa representada no CDG. Para conseguilo, convoca a escritora Mary Shelley, para que o acompañe nunha viaxe ao outro mundo na procura do seu pai. No seu camiño encóntrase con algúns dos mortos que construíron, cada un co seu propio anaco, ese monstro que é a identidade nacional galega.

Cuarzo mica feldespató por Gena Baamonde

O Centro Dramático Galego vén de abrir en 2018 *DramaturXa*, un grupo de escrita teatral que xorde dentro do programa de apoio, fomento e promoción da autoría teatral galega contemporánea DramatUrxente, e que nesta ocasión contou na coordinación e asesoramento co dramaturgo e director Manuel Lourenzo.

Creadoras e creadores da palabra escénica que buscan, en último fin, a consecución dunha peza teatral para ser escenificada: Lois Blanco, Ana Carreira, Esther F. Carrodegua, Santiago Cortegoso, Eva Ferreira, Ernesto Is, Zé Paredes, AveLina Pérez, Marta Pérez, Rosa Puga Davila, Gloria Rico e Roi Vidal Ponte.

Vaian por diante meses de encontros, debates, lecturas e palabras ao redor da identidade galega na busca dunha serie de elementos que configuran un mundo que, ás veces, recoñecemos como noso. Calidoscopio gráfico, suma e resta dunha práctica comunitaria, conxunto de símbolos, accións e ideas que conflúen nunha ruta polas múltiples identidades galegas.

E nunha parada máis do camiño, a escolla, que non deixa de ser un exercicio de agregación, a adhesión dunha

ollada externa, que identifica e reconece as palabras e imaxes suxeridas e escritas dende outro lugar.

Boisaca ou a divina desgraza, de Roi Vidal Ponte, e *Fantasía nº 5 en sol ou non*, de Esther F. Carrodegua son as dúas pezas que pasan a formar parte dun novo proxecto, compoñentes inseparables dunha nova andaina que re-comeza agora. Cuarzo, mica e feldespató e na fronte, o reto de entender Galicia máis aló do granito, da chuva, do verde, do mar e do grelo.

Boisaca, humor negro en cemiterio turístico nun *tour* completo polos límites da vida. *Fantasía*, sinfonía aberta ao xogo escénico, catálogo-secuencia de múltiples imaxes dunha terra por facer. Colaxe onde as pezas non encaixan, nin así se pretende, só conviven nunha partitura á espera de ser tocada.

Di Roi que aquí gustamos dun teatro institucional con asentos incómodos, que aquí somos así, festa gastronómica, minifundismo atávico e o tellado a piques de romper. Aquí somos así, fantasía e desgraza, en sol ou non.



Gena Baamonde

A DIRECTORA

Directora de escena, actriz e creadora. Titulada Superior en Arte Dramática, e cun posgrao en Arte Dramática e mestrado en Artes Escénicas, é investigadora pre-doutoral para a Universidade de Vigo, onde desenvolve actualmente a súa tese de doutoramento, *Sexualidades des-xeneradas na práctica escénica contemporánea*. Forma parte do consello de redacción da *Revista Galega de Teatro*.

En 1989 entra a formar parte da compañía Matarile Teatro, coa que traballa como actriz en numerosos espectáculos, no equipo do Teatro Galán e no festival internacional de danza En Pé de Pedra.

En 1999 funda a compañía María a Parva, e asina a dirección e texto orixinal de *Mullerona*, *Xogo para nenas* e *Indignos*. Habitual da escena galega, traballa como actriz para numerosas compañías, e realiza asistencias en dirección e dramaturxia para o CDG, Factoría, Disque Danza, A Artística e Voadora. Forma parte, na creación e dirección, de diversos proxectos de A Artística, como *Des-memoria-2* e *Verde a tempo completo*, onde dirixe o espectáculo *Arquitectura da emoción*.

En 2017 dirixe *Elisa e Marcela* para A Panadaría, traballo que recibiu, entre outros, o Premio María Casares á Mellor Dirección e Mellor Texto Orixinal, o Premio Luísa Villalta de Igualdade e o XIV Premio LGBT do colectivo ALAS. Tamén dirixe os espectáculos *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos* para Matrioshka Teatro e *Nómades* para Xarope Tulú. Participa en *Mulleres en Acción. Violencia Zero* coa creación Proxecto T.E.C.O.R. Así mesmo, é conferenciante en numerosas xornadas e congresos sobre xénero, diversidade sexual e artes escénicas. Realiza tamén o comisariado e coordinación da xornada *A Marabunta, Mulleres artistas contra a violencia de xénero*, para a Deputación da Coruña.



Esther F. Carrodegua

A DRAMATURGA

Esta rianxeira asenta o seu currículo entre as letras, o audiovisual e o teatro. A súa escrita cabalga sobre os lindes que separan os xéneros, por este motivo, moitos dos seus textos son difíciles de clasificar. Premiada co Pedrón de Ouro polo relato *Subir o telón* (Edicións do Castro, 2008), con *Collage* (Barbantesa, 2011) reafírmase nunha escrita persoal e poética.

A partir de entón, a súa carreira profesional foi derivando de cara ao teatro. Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia en 2016, déixase notar a súa formación previa como xornalista, non só na súa colaboración coa *Revista Galega de Teatro*, senón tamén no seu teatro, que xorde dunha necesidade vital de investigación. Así naceu *Voaxa e Carmín* (Difusora de Artes, Letras e Ideas, 2016. Premio Abrente de Textos Teatrais 2015), *Na butaca* (Ed. Galaxia, 2017, estreada con ButacaZero tamén en 2017) e *#camiños* (coprodución co Centro Dramático Galego). A peza *Fantasía nº 5 en sol ou non* foi froito da súa participación en DramaturXa, grupo de traballo de dramaturxia do CDG na temporada 2017-18, coordinado por Manuel Lourenzo.



Roi Vidal Ponte

O DRAMATURGO

Roi Vidal Ponte é dramaturgo, poeta, crítico teatral, pedagogo e director de escena. Comezou a publicar a comezos de século pezas de teatro breve de inspiración surrealista como *Xulieta's Black Hole* (2007) e *Vampira* (2010), ambas en Casahamlet, ou *Historia dunha man* (2009, Laiovento). En 2016 foi seleccionado polo INAEM para o Programa Dramaturgias Actuales con *O asasinato de Zinaida Reich* e ese mesmo ano gañou o Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (modalidade adultos), convocado pola Agadic, con *Marcha fúnebre para un monicreque* (levada a escena por Os Monicreques de Kukas).

Gañou o XV Certame de Poesía Concello de Carral en 2012 cun libro de poemas titulado *Teatro* (Espiral Maior) e en 2017, o XII Premio Abrente para Textos Teatrais cunha peza dramática titulada *Poesía. Materiais para montar unha escena de cama* (Difusora). Titulado en Filoloxía e en Dirección de Escena, é membro do consello de redacción da *Revista Galega de Teatro* e foi un dos cofundadores de DramaturGa, Asociación Galega de Dramaturxia. Ademais, é autor de *Fóra de portas* (2014, Positivas), unha biografía novelada do seu pai, Roberto Vidal Bolaño. A peza *Boisaca ou a divina desgraza* é froito da súa participación en DramaturXa, grupo de traballo de dramaturxia do CDG na temporada 2017-18, coordinado por Manuel Lourenzo.

COPRODUCCIÓN

A presente temporada iniciouse cunha coprodución tan querida como esperada. O equipo de **Pistacatro**, con Quico Cadaval á cabeza, cunha versión nada menos que de Xosé Luis Méndez Ferrín, fíxonos gozar (especialmente ao público xuvenil) do seu particular **Arnoia Arnoia**. Esta peza teatral de aventuras e prodixios, na que os recursos circenses foron imprescindibles para resolver os retos escénicos e narrativos que inspiraron a idea motriz, cóntanos unha viaxe chea de lugares e personaxes fantásticos que, ao tempo, provocan resonancias da cultura e a historia da nosa terra.

Xa entrados en xaneiro, poderemos reencontrarnos coa compañía **Berrobambán**, que nos trae **Doppelgänger**, unha reflexión escénica, desenvolvida entre Galicia e Colombia, sobre a necesidade de asumir o outro como parte de nós mesmos como única opción de superar a nosa crise de identidade.

Contraproducións falaranos desde a comedia **A compañeira de piso** —e baixo a dirección de Vanesa Sotelo— da muller, a idade e a identidade, unha trindade que, sen ser santa, é imprescindible abordar. Que sucede se decidimos vivir a vida que se espera de nós e os demais deixan de esperar?

En primavera, poderemos ver **Invisibles**, un proxecto de **Redrum Teatro** que quere botar algo de luz sobre as zonas máis escuras da nosa realidade. A partir da novela homónima de Montse Fajardo, este magnífico equipo baixo a dirección de Marián Bañobre, porá voz ás historias reais de mulleres galegas para desenmascarar esta lacra agónica que é a violencia de xénero.

Javier Martín volverá axudarnos a transcender o intrascendente por medio de **Soma**, experimentación escénica e matérica que se concentra no estudo do corpo e o movemento como fragmento e rito.

Finalmente, en *Se fosen tursitas levarían gafas de sol*, Limiar Teatro porá o foco sobre o que é unha verdade vergoñenta.

Este proxecto, que nace en colaboración con Portugal, chama a atención sobre o feito de que todas as persoas vimos da inmigración, pero algunhas esquecémolo. Os migrantes de hoxe, como nós, non deixaron o seu país por propia vontade. Sabémolo. Non levan gafas de sol.

COPRODUCCIÓN

DOPPELGÄNGER

CON BERROBAMBÁN

TEXTO: Paula Carballeira

DIRECCIÓN: Chiqui Pereira

ELENCO: Juan Diego Alzate, José Ricardo Alzate e Paula Carballeira

ESCENOGRAFÍA: Paulina Restrepo

VESTIARIO: José Campanari

ILUMINACIÓN: Miriam Rodríguez

MÚSICA: Juan Diego Alzate e Merender Swing

ASESORÍA COREOGRÁFICA: Olga Cameselle

ASESORÍA DE DIRECCIÓN: Nuria Sanz

PRODUCCIÓN EXECUTIVA: José Ricardo Alzate e Chiqui Pereira

AUXILIAR DE PRODUCCIÓN: María Rosendo

OUTRAS ENTIDADES COPRODUTORAS: El Arca de N.O.E. (Medellín, Colombia)

RESIDENCIA: do 21 ao 23 de xaneiro

FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO: 24 de xaneiro ás 20.30 h | 25 de xaneiro ás
11.00 e ás 20.30 h | 26 de xaneiro ás 20.30 h | 27 de xaneiro ás 18.00 h



En certo momento, un home sente que a súa sombra cobra vida, que hai outro home, igual a el, que segue os seus pasos pero cuestiona as súas decisións. Desde entón, cada un deles adopta actitudes radicalmente distintas ata chegar ao odio mutuo. Deben separarse para non terminar destruíndose e así viven as súas vidas, independentes e loitando polo que cada quen considera xusto ata que volven atoparse, como as dúas caras dunha mesma moeda.

Baixo a aparencia dun proceso de ensaio, Doppelgänger mostra a procura dunha dramaturga para contar a súa historia: a de dous irmáns loitando en bandos contrarios.

No outro bando, por Chiqui Pereira

Ao meu lado sinto alguén que non son eu, pero que se me parece, como unha sombra ou un reflexo. Mírame, xúlgame, quéreme, ódiame. Vivimos no mesmo país, pero temos ideas opostas. É o meu rival, a miña inimiga, o meu inimigo. Eu son o seu rival, a súa inimiga, o seu inimigo. Está no outro bando. Estou no outro bando. Quero destruíla, quero destruílo e ao mesmo tempo necesítoa, necesítoo. É el ou eu. Son eu ou ela. É a guerra. A Guerra Civil. É a miña conciencia. É a miña memoria. É o meu esquecemento. É a posibilidade ou non de vivir en paz comigo mesmo.

Tomamos como título o concepto alemán acuñado polo escritor Jean Paul (1763-1825) no conto *Siebenkäs*, que designa o dobre fantasmagórico dunha persoa viva, a súa sombra, que camiña ao seu carón, de aspecto idéntico pero con calidades diferentes. Pretendemos poñer sobre

a escena unha reflexión sobre a identidade individual e a identidade social.

A rivalidade. A oposición. A creación e a destrución. A descuberta e a perda. Os grandes temas que funcionan como cimento do mundo no que vivimos. Que acontece cando os teus peores temores cobran forma física? E se esa forma física fose a do teu propio corpo? Desde o momento no que aparece o *Doppelgänger* comeza o camiño cara á morte ou, polo menos, cara a unha transformación.

O espectáculo parte dun proceso de creación colaborativo entre as compañías Berrobambán e a Corporación Arca de N.O.E., desenvolvéndose entre Medellín (Colombia) e Galicia.



Berrobambán

A COMPAÑÍA

Desde o ano 2000 produciron un total de once espectáculos teatrais para público familiar, entre os que destacan *Boas Noites*, *Bicharada*, *O refugallo* ou *Xurdefet*, que tiveron un notable éxito de público, e converteron a Berrobambán nunha das compañías galegas con maior número de espectadoras e espectadores.

Participaron en programación de Galicia, España, Portugal, Corea e Canadá e, polo medio, organizaron o Asteroide B-612, a primeira programación familiar estable en Galicia, e o Circo-lar, unha iniciativa familiar para a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Traballaron, así mesmo, co Centro Dramático Galego na produción *A cabana de Baibaiga*, adaptación dun conto ruso con moita, moita música.

Neste tempo estrearon catro espectáculos para público adulto: *NdC*, *Vendetta*, *Pressing Catch* e *Avestruz en terra allea*.



Paula Carballeira

A DRAMATURGA

Traballa para público infantil dende diferentes eidos da creación artística. Ten publicados máis de vinte libros de literatura infantil e xuvenil, traducidos a máis de oito idiomas. Gañou en dúas ocasións o premio Manuel María de Texto de Teatro Infantil, da Agadic, e foi finalista do premio convocado por ASSITEJ-España. Dirixiu espectáculos destinados a este tipo de público tanto para a súa compañía, Berrobambán, como para outras compañías, como Talía (*Pequena, Rosa caramelo*) ou o Centro Dramático Galego (*A cabana de Babaiağa*).

Paula Carballeira tamén é especialmente coñecida como contadora de contos en circuítos estatais e internacionais e como actriz en series de televisión como *Pepe o Inglés* ou *Libro de familia*.



Chiqui Pereira

O DIRECTOR

É graduado en Dirección de Escena pola ESAD de Galicia e especialista en Arte Dramática pola Universidade de Santiago de Compostela, onde tivo como profesores a Jacques Nichet ou Thomas Leabhart, entre outros.

En 2016 dirixe o seu primeiro proxecto internacional, *Tráfico*, unha coprodución das compañías portuguesas Baal17 e Al Teatro. No sector audiovisual, dirixiu seis curtametraxes paródicas sobre a política galega e foi director de dobraxe para o proxecto de animación en 3D *Os sextos sentidos*, da Fundación Menela. Traballou como director artístico para a programación Circo-lar da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Actualmente é director artístico da compañía Berrobambán.

COPRODUCCIÓN

A COMPAÑEIRA DE PISO

CON CONTRAPRODUCCIÓN

TEXTO: Jen Silverman

ADAPTACIÓN: Lilian Portela

DIRECCIÓN: Cándido Pazó e Belén Pichel

ELENCO: Rebeca Montero e Patricia Vázquez

Coa colaboración na voz en off de Xosé Barato

como fillo de Sharon

ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO: Carlos Alonso

CARACTERIZACIÓN: Rebeca Montero

ILUMINACIÓN: Afonso Castro

MÚSICA ORIXINAL: Guillerme Fernández

AXUDANTE DE DIRECCIÓN E PRODUCCIÓN EXECUTIVA:

Lilian Portela

RESIDENCIA: do 25 ao 27 de febreiro

FUNCÍONS NO SALÓN TEATRO: do 28 de febreiro

ao 2 de marzo ás 20.30 h | 3 de marzo ás 18.00 h



**DRAMA
TURXENTE**

FAGAMOS FÉRA

Sharon, unha ama de casa de cincuenta e pico anos e recentemente divorciada, publica un anuncio para compartir a súa casa no corazón do rural de Iowa. Sharon procura alguén coma ela, unha compañeira, se cadra, unha amiga. A chegada de Robyn para ocupar o cuarto deixa a Sharon de pedra xa que non podían ser máis diferentes: lesbiana, vegana, chegada do Bronx... Pero lonxe de arredarse, Sharon comeza a experimentar co estraño (e prohibido) xeito de vida de Robyn sen saber que a súa inquilina procura un refuxio no que agocharse e cambiar de vida. Unha comedia negra sobre a capacidade de reconducir o tren da propia vida e o que sucede cando este descarrila.



Contraproducións

A COMPAÑÍA

Contraproducións é unha empresa galega dedicada á creación e distribución de espectáculos escénicos, conducida por Cándido Pazó, autor e director teatral, e Belén Pichel, xefa de produción.

Cunha vocación teatral de signo aberto, intención crítica e relación fresca e directa cun público de amplo espectro, é a plataforma que acolle a maior parte das creacións escénicas de Cándido Pazó no campo do teatro e a narración oral, aínda que dando cabida tamén a outras figuras da dirección escénica ou a escritura teatral, así como a coproducións ou colaboracións con outras estruturas.



Jen Silverman

A DRAMATURGA

Nacida nos Estados Unidos e establecida en Nova York, Jen Silverman creceu e viviu en Xapón, Francia, Suecia, Italia, Finlandia, Nova Zelandia e Canadá.

As súas obras comezaron a producirse en 2011, pero foi a partir de 2015 cando gaña popularidade nos Estados Unidos coa posta en escena da súa obra *The Roommate* no Humana Festival. A súa produción teatral inclúe: *The Moors*, *The Roommate*, *Phoebe In Winter*, *Collective Rage: A Play In 5 Betties* e *All The Roads Home*.

Jen é membro de New Dramatists, e da xunta directiva de Playwrights Center en Minneapolis. Artista afiliada en SPACE on Ryder Farm, tamén desenvolveu traballos en O'Neill, New York Theatre Workshop, Playpenn, Portland Center Stage, The Ground Floor Residency en Berkeley Rep, e The Royal Court en Londres, entre outros.

Recibiu dúas veces a bolsa MacDowell da New York Foundation for the Arts, o premio Helen Merrill Award, a LMCC Fellowship e o premio Yale Drama Series Award. Acadou en 2016-2017 a bolsa Playwrights of New York (PoNY) e a Playwright Fellowship at the Lark (dotada con 100.000 dólares e un apartamento en Nova York para escribir durante un ano).

Jen Silverman conta que comezou a escribir obras de teatro porque “teño o costume de facer un montón de preguntas e ninguén as contesta, así que as exploro nas miñas obras e continuo sen ter as respostas”.



Belén Pichel Cándido Pazó

OS DIRECTORES

Belén Pichel e Cándido Pazó crean Contraproduccións no ano 2009, dando vida a numerosos espectáculos escénicos con Belén Pichel como xefa de produción e Cándido Pazó como autor e director teatral. No espectáculo *A compañeira de piso* ambos asumen a dirección conxunta da obra, aunando a dilatada experiencia de Pazó coa visión innovadora de Pichel.

COPRODUCCIÓN

INVISIBLES

CON REDRUM TEATRO

TEXTO: Montse Fajardo

DRAMATURXIA: Marián Bañobre e Sheyla Fariña

DIRECCIÓN: Marián Bañobre

ELENCO: Mela Casal, Sheyla Fariña e Nieves Rodríguez

ESCENOGRAFÍA: Redrum Teatro

ILUMINACIÓN: Laura Iturralde

MÚSICA: Davide González

AXUDANTE DE DIRECCIÓN: Toni Salgado

OUTRAS ENTIDADES COPRODUTORAS: Concellería de Igualdade de Pontevedra

FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO: 18 de maio ás 20.30 h | 19 de maio ás 18.00 h



**DRAMA
TURXENTE**

FAGAMOS PIÑA

Un lugar indeterminado.

Tres mulleres.

Sete testemuños reais. Setenta minutos. Un millón de razóns para falar do maltrato. Non máis invisibles.

Que salten as alarmas, por Marián Bañobre

Cando sento a soñar *Invisibles* o meu corpo cambia de temperatura, o meu corazón acelérase e a miña mente proxecta imaxes cara ao baleiro ata crear un colaxe que, visto a certa distancia, conforma rostros coñecidos. E isto é así, porque a lectura do libro de Montse Fajardo remove, revela e fai que recoñezamos no noso interior moitas cousas que ata o momento tamén poderían considerarse invisibles.

Que as palabras nos afectan, nos debuxan e nos constrúen é un feito probado cientificamente. Esta idea, o poder da linguaxe, será un dos alicerces da montaxe, porque o maltrato tamén é o sometemento continuado a insultos, desprezos que minan e destrúen. As historias que queremos contar nesta proposta xa están escritas. O noso traballo foi explorar como contalas dende o escenario, e dende que puntos de vista. O teatro, como dicíamos, ten o poder de contar, non só a través da palabra, senón a través dos xestos, das imaxes, dos silencios.

Neste espectáculo hai unha peculiaridade: a invisibilidade dos homes. Non hai actores, non hai

personaxes masculinos nas interpretacións da posta en escena, non lles damos voz no espectáculo nin punto de vista. Esta aposta é a que achega orixinalidade ao proxecto e o diferencia de producións anteriores. Ademais, esta limitación enriquece artisticamente a proposta, pois supón un trampolín ao poético, ao que non se mostra, á imaxinación. O obxectivo: desvelar e poñer a énfase na gran conclusión do libro, que é que os que realmente permanecen invisibles son eles.

Gústame pensar que *Invisibles* é un espectáculo que non só remove e fai pensar, senón que nalgúns casos tamén fai saltar as alarmas, provoca cambios no público, se fose necesario. Que poida ter o poder de espertar a alguén. Nese caso, o noso traballo xa valería a pena.

A partir da invisibilidade do maltrato e da, en moitos casos, inconsciencia das vítimas, as historias van saíndo á luz e visibilizándose. Con ilusión emprendemos logo esta viaxe dende o que non se ve ata o que se quere mostrar, agardamos que o resultado sexa, cando menos, o que unha vez soñamos.



Redrum Teatro

A COMPAÑÍA

Redrum Teatro é unha empresa cultural dedicada á produción e distribución de espectáculos teatrais e edición de libros constituída en 2009. Dende a súa fundación non parou de producir espectáculos de diferentes formatos sempre, cun coidado concepto estético e artístico como selo persoal da compañía e cunha clara vontade de entreter.

Conscientes de que o teatro debe servir como instrumento social, terapéutico e pedagóxico, foise especializando en espectáculos didácticos dirixidos ao público infantil con textos da súa autoría, ao tempo que compaxina a súa produción con montaxes para o público adulto. Ademais, trata de facer un teatro lonxe de elitismos e inclusivo, que pretende abarcar un público de toda clase de condición social.



Montse Fajardo

A AUTORA

Montse Fajardo é xornalista de profesión e licenciada en Ciencias Políticas. A súa traxectoria está moi vencellada ao ámbito da igualdade e da memoria histórica. Forma parte dende 2013 do programa A Memoria das Mulleres do Concello de Pontevedra, a través do que participou na creación do libro colectivo *Do gris ao violeta*.

En solitario, publicou *Matriarcas* (2012), *Un cesto de mazás* (2015), *Invisibles* (2017) e *O escalón de Ulises* (2018).



Marián Bañobre

A DIRECTORA

Marián Bañobre é creadora escénica, directora, actriz e deseñadora de vestiario. É licenciada en Socioloxía pola Universidade da Coruña. Traballou como actriz en compañías como o Centro Dramático Galego, Theatre Organic, Teatro do Morcego, Teatro de Ningures ou Ibuprofeno Teatro, da que é fundadora xunto con Santiago Cortegoso.

Como creadora escénica, levou aos escenarios en 2014 o espectáculo experimental *Vulto*, compartindo autoría con Diego Seixo. En 2015 codirixiu con Santiago Cortegoso a peza de teatro radiofónico *Hai un punto que me doe* e en 2018 levou a dirección da obra teatral *Monstración*, de Enconarte Producciones.

Acadou tres premios María Casares, un polo deseño de vestiario do espectáculo *O furancho*, de Ibuprofeno Teatro, e dous, polo seu traballo como actriz nas montaxes *Tartufo*, de Teatro de Ningures, e *Pequenos actos pseudorrevolucionarios*, de Ibuprofeno Teatro.

COPRODUCCIÓN

SOMA

CON JAVIER MARTÍN

CREACIÓN: Javier Martín (coreógrafo e performer)
e Joaquín Jara (escultor e performer)

ELENCO: Joaquín Jara e Javier Martín

DESEÑO DE LUZ E ILUMINACIÓN: Octavio Más

PRODUCCIÓN EXECUTIVA E ACOMPAÑAMENTO: Sabela Mendoza

PRODUCCIÓN EXECUTIVA E ACOMPAÑAMENTO: L'animal a l'esquena (Girona)

CO APOIO DE: Azala (Álava)

FUNCIÓN NO SALÓN TEATRO: 25 de maio ás 20.30 h |
26 de maio ás 18.00 h



SOMA é unha experimentación escénica e matérica que se concentra no estudo do corpo e do movemento como fragmento e rito.

Instalación e performance que o coreógrafo Javier Martín, o escultor Joaquín Jara, o iluminador Octavio Más e Sabela Mendoza (que asiste á dirección e teoría da peza) comparten, transitando por diferentes estados físicos, conceptos estéticos e calidades de movemento, relacionándose e diluíndo roles mediante esculturas, materiais, obxectos e coreografías que se van despregando nun espazo conformado ante o espectador.



Javier Martín

O CREADOR

Bailarín e coreógrafo, desenvolve un proxecto de investigación de corte epistemolóxico arredor das artes do movemento, que atopa as súas fugas na creación de discurso e nas súas distintas aplicacións, como son: a escrita, conferencias performativas, procesos de obra acompañados de talleres e grupos de traballo, a activación e desenvolvemento de grupos de investigación e laboratorios, o acompañamento de itinerarios formativos en distintas universidades ou o desenvolvemento de seminarios. E, como motor e causa de todo, a creación de espectáculos.

Dende os seus inicios artísticos, mentres estudaba Química na Facultade da Universidade de Santiago, especializándose no itinerario de Mecánica Cuántica, estreou máis de 30 pezas como *A exforma*, *Control*, *Symptoma* (en colaboración co pianista ruso Oleg Karavaichuk) e *Oximórica*, entre outras, en España, Francia, Rusia, Portugal, México e Ucraína. Recentemente foi artista residente en L'animal a l'esquena (Girona), EIRA (Lisboa), Kannon Dance House (San Petersburgo), Centro de Danza Canal (Madrid), Museo Universidad de Navarra MUN (Pamplona) ou Teatro Colón (A Coruña).

Os seus últimos proxectos foron presentados no Museo del Chopo da UNAM (México), Teatro Alexandrinsky (San Petersburgo), GogolFest (Kiev), CCCB (Barcelona), Teatro Circo (Braga), Centre Pompidou (Málaga), Museo Reina Sofía (Madrid) e na Universidad Sorbonne Nouvelle (París), entre outros.

Colabora ocasionalmente con artistas de diferentes disciplinas, como o músico Oleg Karavaichuk ou o fotógrafo e cineasta Tono Mejuto.

COPRODUCCIÓN

SE FOSEN TURISTAS LEVARÍAN GAFAS DE SOL

CON LIMIAR TEATRO

DRAMATURXIA E DIRECCIÓN: Fran Núñez

DIRECCIÓN MUSICAL: Brais Iriarte

EQUIPO DE CREACIÓN: Juan Caputo (Festival de Bahía Blanca en Arxentina), Mine Çerçi (Universidade Okan de Estambul en Turquía), Manuel Coelho (Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa), Magda Henriques (Comedias do Minho de Portugal), Karol Nurza (Boccaccione Brasil), Cristian Palacios e Paula Rusca (Compañía Nacional de Fósforos de Arxentina), Julio Persoa (Centro Cultural Ignacio Espino de Uruguai) e Michele Pigliucci (Comitato 10 Febbraio de Roma)

EQUIPO DE PRODUCCIÓN: Carlos Martínez Carbonell, Giménez & Giménez e Fran Núñez

OUTRAS ENTIDADES COPRODUTORAS: Teatro Nacional Dona María II de Lisboa e Comedias do Minho (Portugal), Festival de Teatro de Baía Blanca e Compañía Nacional de Fósforos (Arxentina), Centro Cultural Ignacio Espino (Uruguai), Universidade Okan de Estambul (Turquía) e Comitato 10 Febbraio (Italia)

FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO: martes e mércores 10, 11, 17 e 18 de decembro ás 11.30 h | Do xoves 12 ao sábado 14 e do xoves 19 ao sábado 21 de decembro ás 20.30 h | Domingos 15 e 22 de decembro ás 18.00 h



**DRAMA
TURXENTE**

FAGAMOS PENA

Somos os netos da Pacita. A foto da nosa familia no peirao de Vigo antes de emigrar cara a Uruguai na posguerra é o punto de partida para convidar a escena a amigas e amigos cos que xogar e compartir vivencias presentes e pasadas sobre a emigración. Historias das persoas que marcharon, das que quedaron, das que acollen, das que retornan. Unha comedia de autoficción documental coa que reflexionar sobre a permeabilidade social, o arraigo, a identidade e a memoria. Hoxe ao porto de Vigo chegan centos de turistas en luxosos cruzeiros, pero nesa foto ninguén leva gafas de sol.

O océano era o mesmo, por Fran Núñez

A memoria é unha arma que dispara sen querer. Lembramos, esquecemos.

A memoria é múltiple, é diversa. Nada hai máis democrático e tirano que a memoria. Memoria individual, íntima, secreta; memoria colectiva. A memoria é un espello que non deixa ver o presente, pero proxecta o noso futuro. Hoxe é memoria do mañá, futuro do onte.

Galicia, Portugal, Italia, Brasil, Arxentina, Uruguai... compartimos a memoria do exilio, a memoria da migración e aínda así, hoxe esquecémola fronte a outros exilios, outras migracións. Cambiamos o Atlántico por outros mares e os Pireneos por outros montes, pero a historia é a mesma. Cambia a época, cambian as persoas, pero a historia repítese. Dicíanos un familiar que o mundo estaba dividido en dous: os "jodidos" e os que "joden". Esquecemos que estivemos dun lado. Esqueceremos que estamos do outro? Sabemos realmente onde estamos? Que lles contaremos ás nosas netas cando pregunten que pasou? Cando pregunten por que?

O tema é serio e a reflexión debe ser profunda, pero o espectáculo non é un velorio. O espectáculo é una celebración da vida, da supervivencia, do camiño

percorrido. Dende a nostalxia, dende o humor, dende a metáfora, pero tamén dende a crítica. Calquera tempo pasado non foi mellor, aínda que así tentamos lembralo.

O océano era o mesmo para Galicia e Uruguai. Todas nos bañabamos nas mesmas augas, pero o punto de vista era diferente. Unhas mirabamos dende o norte, outras dende o sur, unhas ao este, outras ao oeste. Todo é cuestión de perspectiva.

Neste proxecto decidimos convidar artistas, amigas e amigos a que nos acheguen o seu punto de vista sobre a emigración. Sobre a nosa, a deles, a pasada, a presente e a futura. Cada punto de vista é único, cada persoa tamén. Por iso, este é un proxecto de persoas que cambiará ao longo do tempo. Porque as persoas cambiamos, porque invitaremos novos puntos de vista a compartir escenario. Porque quedará a memoria dos que estiveron con nós e marcharon. Porque algúns artistas sairán e volverán entrar para renovar o espectáculo.

Persoas que nos permitan darlle diferentes enfoques ao noso relato, que nos permitan xogar e compartir. Persoas que hoxe levamos gafas de sol... ou non.

A xente non adoita deixar o seu lugar por propia vontade. Sabémolo. Se fosen turistas levarían gafas de sol.



Limiar Teatro

A COMPAÑÍA

Limiar Teatro é unha plataforma de proxectos escénicos vencellados á cultura e ao patrimonio tanto material como inmaterial. Limiar significa o límite, a fronteira, e por iso a compañía móvese nas fronteiras artísticas, xeográficas e persoais. Investiga no límite das artes integrando diferentes disciplinas como teatro, danza, música, teatro de obxectos, a gastronomía ou as artes plásticas e visuais. Rompe fronteiras xeográficas con coproducións e xiras fóra de Galicia, que a levaron a estrear máis da metade das súas producións no exterior e a integrar nos equipos a profesionais de España, Francia, Rusia, Brasil, Colombia e Portugal.

A compañía tamén afonda na relación entre profesionais e comunidade en proxectos especiais de carácter comunitario e transversal creados en colaboración con Teatro del Hereje en espazos singulares que permitan a valorización do patrimonio material e inmaterial das localidades.



Fran Núñez

DRAMATURGO E DIRECTOR

Fran Núñez é graduado en Arte Dramática pola ESAD de Galicia, licenciado en Publicidade e RR.PP. pola Universidade de Vigo, mestrado en Artes Escénicas e Ciencias do Espectáculo pola Universidade do País Vasco, mestrado en Economía da Cultura e Xestión Cultural pola Universidade de Valladolid e doutor en Economía Aplicada pola Universidade de Santiago de Compostela. Completou a súa formación artística en Italia, Arxentina, Austria, República Checa ou Croacia. Colaborou en proxectos de compañías internacionais como The Ship of Fools–Azart (Francia-Holanda), Boccaccione (Brasil) ou Fafe Cidade das Artes (Portugal); e en España participou en montaxes do Teatro de la Zarzuela, Teatro Español, Goliardos, Matarile ou a Orquestra Sinfónica de Galicia, entre outros. Durante tres edicións, foi director artístico do Festival Lusófono de Galiza–Ponte na Escena, e en 2014 foi seleccionado por Assitej para representar a España no Interplay Europa, celebrado en Austria.



FAGAMOS PIÑA

DRAMA TURXENTE

DramatUrxente é un programa de apoio, fomento e promoción da dramaturxia galega contemporánea. Naceu non só co propósito de levar á escena textos de autoras e autores galegos, senón tamén co de desenvolver actividades de moi diversa índole que aumenten a visibilidade das dramaturgas e dramaturgos galegos, dentro e fóra das nosas fronteiras. Neste contexto formouse en 2018 o grupo de traballo anual DramaturXa, coordinado polo escritor Manuel Lourenzo e conformado polas dramaturgas e dramaturgos Lois Blanco, Ana Carreira, Santiago Cortegoso, Esther F. Carrodegua, Eva Ferreira, Gloria Ferreiro, Ernesto Is, Zé Paredes, AveLina Pérez, Marta Pérez, Rosa Puga Davila e Roi Vidal Ponte. Seleccionadas/os por un tribunal, constituído por Areta Bolado, Cristina Domínguez, o propio Lourenzo, Fefa Noia e Xron, durante a pasada temporada desenvolveron cadansúa peza teatral (un total de 12) coa reflexión sobre a identidade galega (que é ser galega/o hoxe?) como punto de partida común.

Estas doce pezas resultantes serán publicadas dentro da colección do CDG *O papel do teatro*. As obras de Carrodegua e Vidal Ponte son as que se levarán a escena na nosa produción propia da presente temporada. A selección destes dous textos foi feita pola directora da montaxe, Gena Baamonde, o coordinador de DramaturXa, Manuel Lourenzo, e a directora do CDG, Fefa Noia.

Por outra banda, as nosas coproducións continúan a ter como núcleo a autoría galega contemporánea. Ese é o caso de *Doppelgänger* (Paula Carballeira, X Premio Manuel María 2018), *Invisibles* (Montse Fajardo, en versión e adaptación á escena de Marián Bañobre e Sheyla Fariña), *Soma* (Javier Martín) e *Se fosen turistas levarían gafas de sol* (Fran Núñez). Así mesmo, as nosas residencias artísticas poñen novamente en valor a escritoras/es como Diego Anido e Borja Fernández (*O Inevitable*), Cristina Balboa (*Masa madre + sal marina e O que segue*), Marta Pérez (*Sofía e as postsocráticas*) e Laura Villaverde (*Chola a It Girl*). Tamén a nosa actividade de exhibición no Salón Teatro recolle propostas escénicas a partir de *A nena que quería navegar e Contos do recreo*, de Borja F. Caamaño e Alex Sampayo; *Bicos con lingua e Pelos na lingua*, a cargo dun grupo de autores galegos encabezados por Avelino González; *Toda a beleza do mundo*, de María Move e Nuria Sotelo; *Casquería e outras vísceras*, a cargo de Irene Moreira, entre outros; e *Os fillos do sol*, de Cándido Pazó.

Finalmente, dentro do noso ciclo de Teatro Ob-Sceno contaremos con pezas de Roberto Salgueiro (*Váter*) e Noelia Toledano (*Alicia morreu de sobredose*).

Porque as nosas autoras e autores son os portadores da(s) nosa(s) historia(s); porque é urxente apoialos e reivindicarlos para entendérmonos mellor e para comprender o signo dos tempos que, dende este lugar no mundo que é Galicia, nos toca vivir. Fagamos piña.

Teatrhoxe

Co obxectivo de ampliar a visibilidade e incentivar a escritura dramática galega contemporánea, publicaremos cada trimestre na nosa nova páxina web unha reflexión escénica ou pequena peza teatral sobre o tema de actualidade que cada autor/a escolla, xunto cunha breve biografía e imaxe do/a autor/a correspondente.

As socias/os de DramaturGa encargaranse da selección, por estrita orde alfabética en alternancia de xénero. Estreará esta sección María Armesto coa peza *Madre salitre*.

Outras actividades

Un dos talleres que organizará o CDG nesta temporada estará orientado ás dramaturgas e dramaturgos galegos. Así mesmo, damos continuidade por terceiro ano consecutivo á nosa colaboración con Lazona no Torneo de Dramaturxia, que ten lugar cada primavera no Teatro Español de Madrid garantindo a presenza dunha autoría galega. Pasaron xa polo seu ring Santiago Cortegoso e Clara Gayo.

RESIDENCIAS

Os espazos e o persoal do Salón Teatro están dispoñibles para a realización destas residencias de duración variable, dependendo das necesidades das compañías solicitantes. A cesión está suxeita á dispoñibilidade nas datas do pedimento. Ao igual que coas coproducións, esta temporada temos a sorte de ter en residencia a artistas galegos dunha calidade xa indiscutible, pertencentes ás novas xeracións escénicas. Ademais, todos os proxectos en residencia desta temporada teñen no seu núcleo novas dramaturxias galegas.



SOFÍA E AS POSTSOCRÁTICAS

CREACIÓN, DRAMATURXIA E DIRECCIÓN: Marta Pérez

ELENCO: Silvia Penas, Marta Pérez e María Roja

COMPAÑÍA: Inversa Teatro

ESCENOGRAFÍA: Laura Iturralde e Montse Piñeiro

VESTIARIO: Inversa Teatro

ILUMINACIÓN: Laura Iturralde

ESPAZO SONORO: Jesús Andrés Tejada e Silvia Penas (cinta adhesiva)

AUDIOVISUAL: Ángel Sousa

DATAS: 11, 13 e 14 de decembro ás 11.30 h | 12 de decembro ás 11.00 h | 13, 14 e 15 de decembro ás 20.30 h e 16 de decembro ás 18.00 h

FUNCIÓNS INCLUSIVAS xoves 13 de decembro ás 11.30 e ás 20.30 h

Tres personaxes en escena: Sócrates, Aristóteles e Platón, empregarán todo tipo de recursos (de marionetas a escala real a hologramas) para debater sobre a violencia machista dende unha perspectiva filosófica, ata acadar unha reflexión no público asistente. Será tamén o público o que deba decidir de xeito asembleario se Sócrates, aínda hoxe, debe ou non debe morrer.

MASA MADRE + SAL MARINA

CREACIÓN, DRAMATURXIA E INTERPRETACIÓN: Cristina Balboa

e Manuel Parra García

DIRECCIÓN: Cristina Balboa

COMPAÑÍA: Proxecto Pank+Funboa Escénica

ESCENOGRAFÍA: Manuel Parra García

ILUMINACIÓN: Afonso Castro

AUDIOVISUAL: Cristina Balboa e Miramemira

PRODUCCIÓN EXECUTIVA: Cristina Balboa e Manu Lago

COLABORADORES: Iberescena, Centro Sociocultural de Santa Marta (Concello de Santiago de Compostela), Casa Inverso (Guadalajara/Jalisco) e Teatro Ensalle (Vigo)

DATAS: venres 11 e sábado 12 de xaneiro ás 20.30 h

Masa madre + sal marina é o título dunha canción, a canción que naceu do encontro de Cristina e Manuel. Manuel e Cristina atopáronse e decidiron que querían facer teatro xuntos. Logo decidiron que preferían esquecer o teatro e dedicarse á música, compensando a súa falta de talento musical co entusiasmo que lles produce escoitar un "temazo", ou formar parte del. Así foi como Cristina e Manuel decidiron deixar de sufrir e abrazar o pracer de estar aí e cumprir os seus soños. Porque o seu verdadeiro soño, o que sempre quixeron, é ser auténticas estrelas do punk.

ESO QUE VI

CREACIÓN, DIRECCIÓN E INTERPRETACIÓN: Manuel Parra García

COMPAÑÍA: Proxecto Pank+Funboa Escénica

COLABORACIÓNS: Rafael Lamata e Jaime Vallauré (Los Torreznos), Máster de Práctica Escénica e Cultura Visual UCLM e Museo Reina Sofía, Cristina Balboa, Espacio B, Azala Espacio de Creación País Vasco e Bullshitfest Madrid 2016

DATA: domingo 13 de xaneiro ás 18.00 h

Nesta peza escénica amósase a influencia das imaxes da televisión e do cine mexicano no corpo do artista exiliado Estanislao Barrientos. Utilizando recursos da crónica, o thriller e a éfrase, Barrientos describe algunhas pasaxes da súa vida en paralelo coa historia do país convulsionado que lle tocou habitar.

O QUE SEGUE

CREACIÓN, DIRECCIÓN E INTERPRETACIÓN: Cristina Balboa

COMPAÑÍA: Proxecto Pank+Funboa Escénica

ILUMINACIÓN: Afonso Castro

AXUDANTE DE DIRECCIÓN: Manuel Parra

AXUDANTE DE PRODUCCIÓN: Manu Lago

Proxecto apoiado cunha residencia Paraíso na Sala Agustín Magán de Compostela

DATA: xoves 17 de xaneiro ás 20.30 h

O que segue é unha pregunta que tentarei responder de moitas maneiras ata que me dea conta de que non se pode. Pretende ser una peza marabillosa, un bo espectáculo, deses que os ves e alucinas. Durante os procesos véñenme á cabeza un montón de imaxes de éxito, recollendo premios, comendo en sitios con menú degustación, ríndome e explicando a todo o mundo o segredo do meu éxito. Logo no real pretendo ser modesta. Esas fantasías non son malas porque fan que busque o nunca visto, a idea perfecta e, ás veces pasa, así que hai que seguir intentándoo.



CHOLA A IT GIRL

DRAMATURXIA E INTERPRETACIÓN: Laura Villaverde

COMPAÑÍA: Artesa Cía.

MOVEMENTO ESCÉNICO E COREOGRAFÍA: Fran M. Buceta

COMPOSICIÓN MUSICAL: Lucía Martínez

AUDIOVISUAIS: Roi Fernández

DATAS: martes 29 de xaneiro ás 11.00 h | Do xoves 31 de xaneiro
ao sábado 2 de febreiro ás 20.30 h | Domingo 3 de febreiro ás 18.00 h

Unha It Girl rectificada.

Blogueira, youtuber, mecánica de coches.

Pesca, cociña, traballa no campo e... é piloto de rallys.

Os seus trucos de beleza 100% ecolóxicos teñen 14.000 visualizacións no seu canal de YouTube.

Debido á repercusión mediática que Chola ten co seu canal, é contratada por un teatro para realizar o seu primeiro tutorial en directo, no que revelará en 10 sinxelos pasos como converterse nunha verdadeira It Girl rectificada: o rural e o auténtico tamén poden ser tendencia. Pero unha inesperada chamada telefónica durante o espectáculo desencadeará un conflito para Chola, no que terá que confesar a súa faceta tanatoestética máis oculta e que poñerá en evidencia a súa imperfección e humanidade, atributos nos que radica o seu éxito.

O INEVITABLE

CREACIÓN E INTERPRETACIÓN: Diego Anido e Borja Fernández

COMPAÑÍA: Colectivo Marciano Balboa

ILUMINACIÓN: Laura Iturralde

MÚSICA ORIXINAL: Pablo Rega

COLABORACIÓNS: Pazo de Cultura de Carballo, Colectivo RPM,

Residencias Paraíso e Teatro Ensalle

DENTRO DE: festival Escenas do Cambio

DATA: 10 de febreiro ás 19.00 h

En escena teñen lugar os preparativos, accións, pensamentos, documentos e devezos de Antonio, unha persoa común que prepara a súa grande "acción humanitaria" co único fin de salvarse a si mesmo. Son as últimas 24 horas dun lobo solitario. Utilizaremos un dispositivo de son alterado e manipulable para recrear as minúsculas accións que compoñen a intimidade deste habitante do invisible mundo dos anxos e demos, esta rutina alucinatoria dun observador da vida allea, que busca insaciablemente referentes nos que reflectir as súas fobias e mitificar os seus actos.

Os recursos visuais e proxeccións funcionarán como escena aumentada do que ocorre en directo: diapositivas, planos detalle e fragmentos pregravados. Tamén haberá cadeiras voadoras e cordas flotantes, seitas patafísicas e remakes gloriosos de historias universais.

Con este proxecto nace tamén un novo colectivo, chamado Marciano Balboa.

O Inevitable é o seu primeiro directo, unha historia sobre a estupidez humana e o fanatismo relixioso. Que sucederá?



**DRAMA
TURXENTE**

A NENA QUE QUERÍA NAVEGAR

TEXTO: Borja F. Caamaño e Alex Sampayo

DIRECCIÓN: Alex Sampayo

COMPAÑÍA: Redrum Teatro

ELENCO: Carlos Álvarez-Ossorio, Guillermo Carbajo e Laura Míguez

COLABORACIÓN ESPECIAL: Marián Bañobre, Fernando González e Arantza Villar

VESTIARIO E MONICREQUES: Diego Valeiras

ILUMINACIÓN: Carlos Álvarez-Ossorio

MÚSICA: Suso Alonso

DATAS: martes 14 e mércores 15 de maio ás 11.00 e 12.30 h

A Nena está farta de ser o centro das mofas dos seus compañeiros, e por iso foxe da escola coa intención de non volver nunca máis. Na súa aventura topará co Xeadeiro, un ser máxico e vital, que a base de contos, adiviñanzas, xogos e cancións, lle devolverá a autoestima perdida. Ensinaralle que dentro de cada un de nós se agocha un ser máxico, único e especial, e que só crendo nas nosas capacidades, seremos quen de acadar todo o que nos propoñamos.

CONTOS DO RECREO

TEXTO: Borja F. Caamaño e Alex Sampayo

A PARTIR DE: *Conto de Nadal*, de Charles Dickens

TEXTO: Borja F. Caamaño e Alex Sampayo

DIRECCIÓN: Alex Sampayo

COMPAÑÍA: Redrum Teatro

ELENCO: Guillermo Carbajo e Sheyla Fariña

COLABORACIÓN ESPECIAL: Carlos Álvarez-Ossorio,

Laura Míguez, Rubén Porto e Alex Sampayo

VESTIARIO: Uxía P. Vaello

MONICREQUES: X. M. Méndez

ILUMINACIÓN: Carlos Álvarez-Ossorio

MÚSICA: Davide González

AUDIOVISUAIS: Alex Sampayo

DATAS: xoves 16 de maio ás 11.00 e 12.30 h | Venres 17 de maio ás 18.00 h

Alicia é unha rapaza que goza mofándose das súas compañeiras. No recreo previo ao exame máis importante do curso, aparece nun lugar máxico habitado por Xacobe, a estafalaria estatua que custodia a porta que coroa o lugar. Para poder saír de alí e chegar ao exame, Alicia terá que resolver os enigmas e superar as probas que se agochan tras a porta dos recreos pasados, presentes e futuros.



**DRAMA
TURXENTE**

INVISIBLES

TEXTO: Montse Fajardo

DRAMATURXIA: Sheyla Fariña e Marián Bañobre

DIRECCIÓN: Marián Bañobre

COPRODUTORES: Redrum Teatro

Ver páx. 24

GRAN TEATRO PARA OS MÁIS PEQUENOS

Por terceiro ano consecutivo, dende o CDG apostamos pola creación de novos públicos e, para facelo, debemos atender con especial esmero as espectadoras/es máis pequenos e tamén máis exixentes. Aproveitando que as nenas e os nenos teñen máis tempo no Nadal, ofrecémoslles algunhas das mellores propostas do noso teatro. Ademais, acompañámolas con talleres deseñados a partir do que se vai ver no escenario, e que teñen lugar dúas horas antes de cada función.

Así as rapazas e rapaces poden librase dos seus pais e das eternas compras, aprender algo novo, entender moito mellor o espectáculo que van ver, e levar á casa o resultado da súa actividade no taller.

**Non se precisa que unha persoa adulta acompañe o menor durante o taller, pero si durante a función.*

Nómades

CREACIÓN: Gena Baamonde, Atenea García, Diego Martínez, María Roja e Nicolás Zamorano

DIRECCIÓN: Gena Baamonde

ELENCO: Atenea García, Diego Martínez e María Roja

COMPAÑÍA: Xarope Tulú

ESCENOGRAFÍA: Nicolás Zamorano

VESTIARIO: Marte Martinka

ILUMINACIÓN: Laura Iturralde

MÚSICA ORIXINAL: Nicolás Zamorano

DATAS:

TALLER VÍSTEME DESPACIO de espazo escénico e vestuario:

22 de decembro ás 17.00 h e 23 de decembro ás 10.30 h (20 prazas)

FUNCIONES: 22 de decembro ás 19.00 h e 23 de decembro ás 12.30 h

O movemento, a música e a palabra convidánnos a viaxar por paisaxes singulares. Somos nómades, transitamos sen morada nin corpo fixo. Habitamos a beleza do diverso, esa beleza que lles dá cor aos outros corpos e facilita a aparición de novas tonalidades, texturas e xeitos de vivir. Onde non existe un corpo equivocado, onde é posible imaxinar as persoas en abstracto. Para nenas e nenos a partir de 5 anos.

**Ver FORMACIÓN (páx. 49)*

Os fabulosos Cleaners

TEXTO: Luis Beviá e Xoque Carbajal

DIRECCIÓN: Xoque Carbajal e Marcos Orsi

ELENCO: Xoque Carbajal e Jouse García

COMPAÑÍA: Malasombra Producións

DATAS:

TALLER VISTO NON VISTO de iluminación e texturas:

29 de decembro ás 17.00 h e 30 de decembro ás 10.30 h (30 prazas)

FUNCIÓNS: 29 de decembro ás 19.00 h e 30 de decembro ás 12.30 h

Espectáculo de pompas de xabón para todos os públicos. Unha experiencia visual para participar toda a familia.

Dous operarios da limpeza do teatro descubren por casualidade as posibilidades que lles ofrecen as súas ferramentas de traballo combinadas con auga e xabón. A partir de aí, os personaxes emprenderán unha excitante viaxe conducidos polas fantásticas pompas e burbullas.

O público sorprenderase e gozará con estas máxicas burbullas; pompas transparentes, con fume, con vapor, pequenas, grandes, estáticas ou voando polo escenario. O espectador camiñará da man destes personaxes por un mundo máxico, cheo de cor e de moito, moito humor, e verase sorprendido dentro dun patio de butacas repleto de miles de pompas de xabón.

Para nenas e nenos a partir de 3 anos.

*Ver FORMACIÓN (páx. 49)

Muiñada

TEXTO: Ana Carreira

DIRECCIÓN: Davide González

ELENCO: Alba Bermúdez e Tone Martínez

COMPAÑÍA: Galeatro

ESCENOGRAFÍA: Anahí Taraburelli

ILUMINACIÓN: Maico Varela

DATAS:

TALLER CÁNTAME UN CONTO de espazo sonoro e contos

3 de xaneiro ás 17.00 h e 4 de xaneiro ás 10.30 h (30 prazas)

FUNCIÓNS: 3 de xaneiro ás 19.00 h e 4 de xaneiro ás 12.30 h

Muiñada conta a historia de Sabela e Xacobe que, por un malentendido coa quenda, se atopan nun muíño de auga. Ao ver que os dous non poden moer ao mesmo tempo, comezan unha discusión na que o xogo, as lendas, a tradición e a música farán que os cativos e os que non o son tanto se acheguen a un edificio que foi fundamental para a Galicia: o muíño de auga.

Muiñada é unha viaxe ao pasado para as nenas e os nenos de hoxe. Unha viaxe que serve para coñecer de onde vimos e para non deixar morrer a memoria das nosas avoas e avós. É tradición, é festa, é música e, sobre todo, é teatro para toda a familia.

Para nenas e nenos a partir de 5 anos.

*Ver FORMACIÓN (páx. 50)

TEATRO OBSCENO

Despois do éxito de *Unha rosa entre as pernas*, que inaugurou no baño dos camerinos do Salón Teatro este ciclo de teatro fóra da escena, e de gozar das pezas de Helen Bertels no ambigú, AveLina Pérez no montacargas e Josi Lage no gardarroupa a pasada primavera, esta temporada contamos cunha nova edición do Teatro Ob-Sceno, nesta ocasión a cargo das compañías Sal do Teatro, coa peza *Váter*, e de Rinoceronte Teatro, con *Alicia morreu de sobredose*.

Lembremos que o noso Teatro Ob-Sceno está pensado para dar cabida a aquelas propostas dunha duración máis reducida do habitual, que precisen dun espazo alternativo ao escenario para a súa representación.

ALICIA MORREU DE SOBREDOSE

CREACIÓN & ELENCO: Noelia Toledano

COMPañÍA: Rinoceronte Teatro

DATAS: 25 e 26 de maio ás 19.00 h | 27 de maio ás 20.30 h

As desastrosas relacións co amor teñen o seu xerme na máis tenra infancia. Se a túa avoa che dá para comer plátanos, gárdaos no seu caixón de roupa interior e morre espumando ao teu lado na mesma cama coma unha petite morte, queda tan gravado no inconsciente, que fai comprensibles as lorzás pola sobredose de potasio e azucre. Se sempre tes sede e non podes beber auga pola constante variación dos teus tamaños, se nunca chegas a tempo e vives fuxindo, entón vives entre o fume e a nada nun eterno labirinto. Entre o amor e a morte.

VÁTER

TEXTO: Roberto Salgueiro

DIRECCIÓN: Beatriz Bravo

ELENCO: Xurxo Barcala e Borja Salgado

COMPañÍA: Sal do Teatro

DATAS: 24 e 25 de maio ás 19.00 h | 26 de maio ás 20.30 h

O váter que se atopa na sancristía da igrexa da vila está atascado. Por este motivo, o crego chama a Moncho, o fontaneiro da vila. Por culpa dunha pechadura “moderna”, ambos quedan pechados nese pequeno espazo, agardando polo señor Tallón, o vello sancristán da igrexa, para que lles abra a porta. A espera lévaos á desesperación, e a desesperación a amosar as súas verdadeiras personalidades nesta hilarante comedia.

FORMACIÓN

Continuamos en 2018-19 prestándolle atención á necesidade de formación continuada das/dos profesionais da nosa escena. Para levala a cabo, contamos novamente con valiosísimos apoios. Así, seguimos a nosa colaboración co programa D10! de Pistacatro, cos que traemos este ano a Roberto Magro para impartir un obradoiro sobre o adestramento creativo aplicado ao artista de circo.

Inauguramos este ano a colaboración no ciclo de *Unha ollada diferente (Una mirada diferente)* do Centro Dramático Nacional, convertido agora en Reto 2019.

De cara ao verán, desenvolveremos un novo taller en coordinación con DramaturGA, asociación de dramaturgas/os galegas/os no referente ao ámbito formativo das/os nosas/os autoras/es. Nesta ocasión será impartido por Jordi Casanovas e versará sobre o teatro verbatim ou documental.

Organizaremos, ademais, un obradoiro para explorar o corpo como forma de expresión a cargo do bailarín e coreógrafo Mikel Aristegui; un taller sobre a construción de personaxe da man do director Pablo Viar; e un obradoiro sobre a competencia lingüística en galego a cargo da lingüista e tradutora Rosa Moledo.

Así mesmo, parte das nosas actividades de formación estarán orientadas ao noso público. Para os máis pequenos, temos os talleres sobre espazo escénico e vestuario, a luz e as texturas, e o espazo sonoro e os contos, que teñen lugar no teatro dúas horas antes das funcións de Nadal de *Gran teatro para os máis pequenos*. Pola súa vez, ao igual que na temporada anterior, darémolles continuidade os xoves aos encontros co público dos equipos artísticos das diferentes postas en escena. Por medio destes diálogos queremos despegar calquera dúbida ou consulta sobre as propostas escénicas, así como fomentar o intercambio de opinións entre artistas e espectadores e espectadoras.

0 actor de circo por un adestramento creativo

IMPARTIDO POR: Roberto Magro

DATAS: 21 e 22 de novembro de 10.00 a 14.30 h

LUGAR: Sala 2. Edificio Biblioteca. Cidade da Cultura

Que significa ser intérprete de circo, autor de circo, investigador teatral en circo, e que significa a escrita no circo.

ROBERTO MAGRO

Foi director artístico da Central do Circ, artista de circo, dramaturgo, profesor e director. Realizou tamén a dirección artística da escola de circo Flic en Turín entre 2005 e 2013. Así mesmo, traballa como dramaturgo en compañías de danza como Enclave Arts do Moviment (Roberto Olivan) ou Kike Peón, entre outras.

Actualmente é o director do taller de creación en Deltebre Dansa dende 2007. Creou Brocante en 2007, un festival internacional de circo contemporáneo en Valcovera (Italia).

Prezo e prazas: 50 €. 12 persoas maiores de 16 anos. Taller destinado a profesionais das artes escénicas. Teñen preferencia aquelas persoas con experiencia profesional previa en circo ou estudantes de circo.

Total sesións e horas: 2 sesións. 9 horas.

Taller organizado en colaboración co programa D10! de Pistacatro

Talleres Gran teatro para os máis pequenos



ELEA LÓPEZ

Elea López formouse como actriz na Escola de Teatro e Danza Espazo Aberto de Santiago de Compostela, onde tamén recibiu formación en Danza Contemporánea.

Comezou a súa traxectoria profesional coa interpretación de Winnie en *Os días felices*, dirixida por Carlos Neira. En 2010 crea a súa propia compañía de teatro, GlupGlup Teatro. Dende entón, participa en diversos proxectos con compañías como Nut Teatro, Duelirium, E-330 ou Hipócrita Teatro.

Actualmente compaxina a labor de actriz coa de directora e formadora en teatro, abrindo a escola Ítaca Artes Escénicas en Lugo no ano 2017, un espazo dedicado á formación actoral profesional, afeccionada e para nenas e nenos. Impártense, ademais, clases regulares de danza e prográmanse numerosos cursos intensivos con diversos profesionais, tratando de achegar á cidade a persoas interesadas na cultura. Xunto con Carlos Rebolo crea a compañía Ítaca Teatro, coa que están a piques de estrear *Cinco minutos sen respirar* de Gustavo Ott.

Prezos e prazas: gratis con entrada para *Gran teatro para os máis pequenos*. 30 rapazas e rapaces.

Total sesións e horas: 1 sesión. 2 horas por obradoiro.

1 Vísteme despacio obradoiro de vestuario e espazo escénico

IMPARTIDO POR: Elea López

DATAS: sábado 22 de decembro de 17.00 a 19.00 h e domingo 23 de decembro de 10.30 a 12.30 h

Obradoiro previo ás funcións de *Nómades*, de Xarope Tulú. **+ 5 anos**

O espazo, o vestuario, as cores, definen o ambiente e condicionan a perspectiva de xénero.

A través do espazo escénico, da creación de personaxes e do seu vestuario, crearemos escenas que rompan os estereotipos e roles de xénero.

2 Visto non visto obradoiro sobre a luz e as texturas

IMPARTIDO POR: Elea López

DATAS: sábado 29 de decembro de 17.00 a 19.00 h e domingo 30 de decembro de 10.30 a 12.30 h

Obradoiro previo ás funcións de *Os fabulosos Cleaners*, de Malasombra. **+ 3 anos**

Os fabulosos Cleaners ofrecen unha experiencia visual onde o creado non é tanxible nin permanente no tempo.

Achegarémonos ao concepto de arte efémera, entendéndoa como unha forma de expresión fugaz no tempo. No obradoiro investigaremos con diferentes materiais, texturas e iluminación a maneira de expresar e crear.

3 Cántame un conto obradoiro sobre o espazo sonoro e os contos

IMPARTIDO POR: Elea López

DATAS: xoves 3 de xaneiro de 17.00 a 19.00 h e venres 4 de xaneiro de 10.30 a 12.30 h

Obradoiro previo ás funcións de *Muiñada*, de Galeatro. + 5 anos

Antes de que as pantallas formasen parte da nosa vida diaria, as xentes sentaban a contar historias. Hoxe esas historias son a base da nosa tradición popular.

A través de xogos e refraneiros populares, achegarémonos a técnicas dramatúrxicas e a conceptos do traballo actoral como anotacións, personaxes... Así mesmo, comprobaremos o impacto que ten o son na construción de ambientes teatrais, recuperaremos o xeito de crear da nada e experimentaremos con diferentes propostas e maneiras de contar.

A escoliña do espectador/a

IMPARTIDO POR: Idoia Zabaleta

DATAS: do 8 ao 15 de febreiro

8 de febreiro presentación de 17.00 a 18.30 h no Museo Centro Gaiás

11 de febreiro de 16.00 a 18.30 h no Salón Teatro

Do 12 ao 14 de febreiro de 16.00 a 19.30 h no Salón Teatro

15 de febreiro de 16.00 a 18.00 h no Museo Centro Gaiás

Obradoiro de aprendizaxe dirixido a espectadoras e espectadores que queiran compartir a experiencia de acompañar de forma intensiva a programación do festival Escenas do Cambio. Idoia Zabaleta apunta que un bo espectador observa, selecciona, compara, interpreta, padece e decide que facer co que ten diante e a forma de relacionalo coa súa vida. "Na Escoliña, as boas espectadoras compartiremos estas miradas, estes saberes e estes sabores, e imaxinaremos o teatro coma un espazo de encontro da comunidade, un lugar no que poder tomar conciencia da realidade e reflexionar conxuntamente". Do 7 ao 11 de febreiro, os inscritos sentaranse fronte ás pezas e permanecerán xunto a elas en silencio. A partir do 11 e ata o 15 de febreiro, reuniranse noutro espazo e anotarase o saboreado durante as representacións, o sabido, o non sabido, o escollido, o destacado, o marxinado...

Durante un tempo, este caderno de notas collidas durante o festival serviralles as persoas participantes na Escoliña para compartir e ampliar a lectura do mundo. "Imaxino este acto coma algo silencioso, cálido e lento", proxecta Idoia Zabaleta sobre o proceso.

IDOIA ZABALETA

Coreógrafa. Na Facultade de Bioloxía especializouse en ecosistemas e dinámica de poboacións. Estuda nova danza e improvisación en Barcelona, Florencia, Amsterdam e Nova York. Dende o 2000 coproduce e crea o seu propio traballo, colabora con outras artistas e investigadoras coma Isabel de Naverán, Filipa Francisco ou Antonio Tagliarini. Tamén en 2000, constrúe e goberna xunto a Juan González o espazo de creación e residencias artísticas AZALA.

Prezos e prazos: 40 €. 30 persoas maiores de 16 anos.


Escola aberta a todas as persoas interesadas en acompañar como espectadoras a programación de Escenas do Cambio; a toda persoa que crea que os relatos son máis grandes que as ideoloxías e, en concreto, a educadoras/es, mediadoras/es culturais, estudantes, críticas/os, xornalistas, artistas, técnicas/os e espectadoras/es emancipadas/os; aberta tamén a persoas interesadas na retransmisión deportiva, as sopas de letras, a astronomía, o sistema da arte, a saúde pública, as especies de compañía e os xogos.

Total sesións e horas: 5 sesións + xornada de presentación. 17 horas.

Taller organizado en colaboración co festival Escenas do Cambio.

O corpo como forma de expresión

Taller de adestramento físico



IMPARTIDO POR: Mikel Aristegui

DATAS: do luns 17 ao venres 21 de xuño de 10.00 a 14.00 h

A partir do traballo corporal como base, o bailarín e coreógrafo Mikel Aristegui propón unha serie de exercicios simples de tonificación e preparación do corpo, para máis tarde xogar, por parellas ou en grupo, creando situacións teatrais que evoquen unha coreografía dinámica e poética combinada cunha estética particular para descubrir xuntos a estética do movemento.

Taller para actrices e actores, onde o corpo en movemento é a linguaxe primordial. Non é necesaria ningunha experiencia previa como bailarín/na.

MIKEL ARISTEGUI

Cursou estudos de danza na prestixiosa escola de Pina Bausch en Essen, Alemaña. Colaborou coas compañías DV8 Physical Theater (Londres) e Sasha Waltz & Guess (Berlín) como bailarín/interprete. Co director Thomas Ostermeier, realiza a coreografía para a peza *Der Tod in Venedig/Kindertotenlieder* (A morte en Venecia/Cancións dos nenos mortos), e participa tamén en varias producións do Maxim Gorki Theater de Berlín.

Dende 1994 realiza as súas propias montaxes. Nos seus case 30 anos como profesional, leva impartidos moitos cursos de danza e improvisación para estudantes de interpretación, de arquitectura e de deseño, ademais de realizar máis de 15 producións para escolas. Obtivo o primeiro premio de coreografía no certame coreográfico de Madrid en 1994.

Prezos e prazos: 95 € | 60 € para membros da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) e da Asociación de Artistas de Circo, estudantes e desempregados (é necesario acreditar a condición) | 45 € para ouvintes.

25 persoas maiores de 16 anos. Taller destinado a actrices e actores profesionais.

Total sesións e horas: 5 sesións. 20 horas.

Xogar a ser outr@

Taller de construcción de personaxe



IMPARTIDO POR: Pablo Viar

DATAS: do luns 24 ao venres 28 de xuño de 10.00 a 15.00 h

A partir da súa formación na LAMDA de Londres, e da súa experiencia pedagóxica e profesional no teatro de texto e musical (ópera e zarzuela), Pablo Viar ofrécelles ás persoas participantes neste taller unha ampla selección de ferramentas e xeitos de abordar a construción de personaxes e o tratamento de situacións dramáticas, a través do emprego consciente do corpo e da voz.

Tendo en consideración a importancia do espazo e o tempo dentro do feito teatral, as actrices e actores son convidados a investigar identidades teatrais vivas, capaces de sentir, reaccionar, intuír e interrelacionarse en presente, a partir do descubrimento dunha neutralidade corporal e expresiva.

PABLO VIAR

É diplomado en Música e Artes Escénicas pola London Academy of Music and Dramatic Art de Londres [LAMDA]. Dende 2005 traballa como director de teatro, ópera e zarzuela, ademais de como axudante de directores como Tomaz Pandur, Emilio Sagi, Graham Vick ou Robert Wilson.

Na actualidade está preparando *Enigma Pessoa*, exploración sobre a figura do célebre escritor portugués que puido verse no Teatro de La Abadía o pasado outono.

Prezos e prazos: 95 € | 60 € para membros da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) e da Asociación de Artistas de Circo, estudantes e desempregados (é necesario acreditar a condición) | 45 € para ouvintes.

25 persoas maiores de 16 anos. Taller destinado a actrices e actores profesionais.

Total sesións e horas: 5 sesións. 25 horas.

As cancelas do falar

Taller de competencia lingüística



IMPARTIDO POR: Rosa Moledo

DATAS: do luns 1 ao venres 5 de xullo de 10.00 a 15.00 h

Que estamos facendo mal á hora de trasladar o noso modelo de lingua aos escenarios? Na produción teatral caemos moitas veces na falta de naturalidade, é dicir, nunha artificialidade lingüística. As eivas parten ás veces xa do texto escrito, cando este recolle construcións totalmente alleas á lingua na que se supón que está escrito. Se a isto lle unimos unha oralidade deficiente á hora de reproducir e interpretar ese texto, o resultado é un produto artificial e carente de toda a musicalidade e os matices propios da nosa lingua.

Por outra parte, sucede tamén que aquelas e aqueles profesionais cun dominio absoluto do galego —ben por ser a súa lingua materna, ben por ser produto dunha aprendizaxe en profundidade— en moitas ocasións acaban “contaminadas/os” e reproducindo un falar que non lles corresponde ou non lles debía corresponder.

Que podemos facer?

Neste obradoiro analizaremos a situación para saber onde estamos e o camiño que temos por diante. Despois desta análise, as xornadas serán enteiramente prácticas. Traballaremos con textos teatrais, guións cinematográficos etc. Haberá que falar, gravarse e escoitarse. Todo o que fagamos vai estar centrado na competencia lingüística e, sobre todo, na prosodia.

ROSA MOLEDO

Especialista en tradución audiovisual, ten no seu haber numerosos traballos tanto para televisión como para cine, entre os que se poden citar: *Fistera, Sei quen es, A lingua das bolboretas, Lena, Os luns ao sol, O misterio Galíndez, 13 Badaladas, O lapis do carpinteiro, O ano da carracha, Abrígate, Agallas, Conexións, Cella 211, Engurras, O sexo dos anxos, A árbore magnética, Somos xente honrada, Os fenómenos* ou *O noso último verán en Escocia*.

Tamén é asesora e supervisora lingüística en numerosas sesións de dobraxe para televisión e cine, así como na rodaxe de diversos programas de entretemento e series televisivas, como é o caso de *Mareas vivas* e *Fariña*.

Prezos e prazos: 95 € | 60 € para membros da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) e da Asociación de Artistas de Circo, estudantes e desempregados (é necesario acreditar a condición) | 45 € para ouvintes.

20 persoas maiores de 16 anos. Taller destinado a actrices e actores profesionais.

Total sesións e horas: 5 sesións. 25 horas.

Ficción e documento

Taller de dramaturxia



IMPARTIDO POR: Jordi Casanovas

DATAS: do luns 8 ao venres 12 de xullo de 10.00 a 15.00 h

Jordi Casanovas propón tomar como base material auténtico preexistente para que as persoas participantes neste taller confeccionen conxuntamente unha peza de ficción documental, unha obra de teatro verbatim.

Con este proceso aprenderase tamén a reescribir os textos propios para dotalos dunha maior tensión e progresión dramática.

Exemplos de pezas de teatro verbatim escritas por Jordi Casanovas son Fato, Port Arthur, Ruz/Bárcenas ou Manda.

JORDI CASANOVAS

Nado en Vilafranca do Penedès en 1978, é dramaturgo e director teatral, foi fundador e director artístico da SALAFlyHard dende a temporada 2010-11 ata 2013. Realizou estudos de Enxeñaría Superior de Telecomunicacións entre 1996 e 2001, licenciouse en Belas Artes no ano 2005. É profesor de Dramaturxia no Institut del Teatre, Eolia e Escac.

Escribiu unha trintena de textos teatrais, entre os que destacan *Mala broma* (Sala Muntaner, 2018), *Port Arthur* (Festival Grec, 2016), *Idiota* (Sala Muntaner, 2015/Pavón Kamikaze), *Vilafranca* (Teatres amics/Teatre Lliure, 2015), *Ruz-Bárcenas* (Teatro del Barrio, 2014), *Unha historia catalana* (TNC, xuño 2011), *Patria* (Teatro Libre, 2012), *Un home con gafas de pasta* (SALAFlyHard, 2010/Pensión de las pulgas, 2014), *Cena con batalla* (Versus Teatre, 2010), *A Revolución* (La Villarroel, 2009), *Lena Woyzeck* (Temporada Alta, 2008), *A Ruína* (La Villarroel, 2008), *City/Simcity* (Sala Beckett/Club Capitol, 2007), e *Wolfenstein* (AREAtangent/Versus Teatre, 2006).

Entre os premios recibidos, destacan o Premio Ciudad de Valencia por *Estralls*, Premio Ciudad de Alcoy 2005 con *Beckenbauer*, Premio Marqués de Bradomín 2005 con *Andorra* e Josep Robrenyo 2002 con *As mellores ocasións*. A triloxía composta por *Wolfenstein*, *Tetris* e *City/Simcity* recibiu o Premio da Crítica de Barcelona á revelación da temporada 2006-07, o Premio Crítica Serra de Oro ao mellor texto teatral de 2006 e nominacións aos Premios Butaca e Premios Max. Obtivo tamén o Premio Butaca ao mellor texto teatral 2009 por *A Revolución*; Premio Time Out á mellor obra 2011 por *Un home con gafas de pasta*; Premio Butaca ao mellor texto teatral 2011 por *Unha historia catalana* e 2015 por *Vilafranca*, e Premio Ciudad de Barcelona de teatro por *Patria*.

Prezos e prazas: 95 € | 60 € para membros de DramaturGa, da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) e da Asociación de Artistas de Circo, estudantes e desempregados (é necesario acreditar a condición) | 45 € para ouvintes. 25 persoas maiores de 16 anos. Taller destinado a actrices e actores profesionais.

Total sesións e horas: 5 sesións. 25 horas

Unha ollada diferente

Este ano, ademais, incorporamos unha nova colaboración co festival *Unha ollada diferente* (*Una mirada diferente*), organizado polo Centro Dramático Nacional baixo a dirección artística de Miguel Cuervo, Inés Enciso e Magda Labarga. O festival medra nesta temporada para mudar de formato e atreverse un pouco máis aínda.

En 2019, polo tanto, o obxectivo principal de *Unha ollada diferente* non será a exhibición de espectáculos, senón acompañar nos procesos, darlles continuidade aos proxectos e investir en investigación. Ese é o seu RETO 2019. E nós queremos ser partícipes del a través da organización conxunta dun taller inclusivo de investigación escénica no que cohabitarán artistas con moi diversas capacidades.

PUBLICACIÓNS

O PAPEL DO TEATRO

Con esta serie de publicacións, quérese dar continuidade á edición de textos teatrais en galego que se viña facendo por parte do Centro Dramático Galego dende os seus comezos. Nesta ocasión, non se trata de editar de xeito sistémico todos aqueles textos levados á escena polo CDG, senón os que non estiveran previamente editados en soporte papel.

Esta colección, que se abriu con *Tartufo*, recolle ademais información seleccionada sobre a posta en escena das obras, pero sen deixar de apelar á esencia do feito editorial respecto á publicación de textos teatrais, e tendo sempre en mente os lectores potenciais. Tras *Martes de Carnaval* e *Divinas Palabras Revolution*, alegrámonos enormemente de poder seguir coa nosa colaboración con Edicións Positivas en vistas ao novo volume desta colección, *Neorretranca e posmorriña*.

NEORRETRANCA E POSMORRIÑA

PEZAS: *Fantasia nº 5 en sol ou non* e *Boisaca ou a divina desgraza*

AUTORES: Esther F. Carrodegua e Roi Vidal Ponte

COEDICIÓ: Edicións Positivas e Xunta de Galicia

EXHIBICIÓ

Como vén sendo habitual, na presente temporada temos o pracer de albergar no Salón Teatro propostas de índole moi diversa, algunhas delas por primeira vez e outras

como froito da colaboración de longo prazo coas diferentes institucións culturais de Galicia. Todas elas coa difusión da cultura galega como principal obxectivo.

WOS Festival x SON Estrella Galicia | Work on Sunday

MÚSICA

Sofía Mestre, alias Clothilde, gravou o seu primeiro álbum *Twitcher* (Labareda, 2018) a piques de cumprir os 40. Para iso utilizou tecnoloxía exclusiva: modulares e outros aparellos feitos á man, polos que se deixa impulsar e guiar. Con eles crea texturas, patróns e melodías que se esfuman nun fluxo harmónico e sensorial, reminiscente da herdanza do posminimalismo. A súa combinación única de claridade, fluxo de pensamento e estrutura musical fai destaque entre as artistas máis atípicas de Portugal. A súa actuación no Salón Teatro enmárcase dentro dunha nova edición do WOS Festival x SON Estrella Galicia en diferentes sedes de Santiago.

DATA

15 de setembro ás 20.30 h

Arnoia Arnoia | Pistacatro

TEXTO: a partir de Xosé Luis Méndez Ferrín | **VERSIÓN E DIRECCIÓN:** Quico Cadaval | **ELENCO:** Ánxela Blanco, Aitor Garuz, Pablo Reboleiro, Álvaro Reboledo e Beatriz Rubio | **PRODUCCIÓN:** Belém Brandido/José Expósito |

ESCENOGRAFÍA/ILUMINACIÓN: Baltasar Patiño | **VESTIARIO:** Carlos Alonso | **MÚSICA:** Xurxo Pinheiro |

AXUDANTE DE DIRECCIÓN: Marcos Ptt Carballido e Clara Gayo

Arnoia, Arnoia. O circo da casa pequena presenta a historia de Nmonadah, adolescente que con 16 anos perde os seus seres queridos nunha guerra. Os sanguinarios Veciños asasinan a Nai Loretta. Vese só para iniciar un camiño asexado por perigos que adquiren as formas luminosas e inquietantes dos artistas de circo: acróbatas, malabaristas excéntricos, escapistas, faquires, aeristas e *clowns*. Nmonadah debe superar as nove probas que o devolvan á súa casa pequena: terá que fuxir dos Veciños e enfrontarse ás adiviñas dos xigantes Leberkholm, o cabaleiro da foresta, as damas adormecidas, o labirinto dos Grou, no mundo subterráneo, as caravanas dos homes sen nome e os piratas do Calpurnia Abana. Unha aventura na que non terá máis axuda que a do amuleto Libredón e un castrón: Mestre Lionel.

DATAS

Do 11 ao 20 de outubro

Xoves, venres e sábados ás 20.30 h | Domingos ás 18.00 h

Martes 16, mércores 17 e xoves 18 ás 11.00 h

ENCANTRO CO PÚBLICO: xoves 18 ao finalizar a función das 20.30 h

El oso que no lo era | Mano y Contramano/México (XIII Festival Internacional Galicreques)

Cando o oso espertou dun longo soño, todo ao seu arredor cambiara: o bosque, a herba, as árbores e as flores; todo desaparecera. Mentres el durmía, uns homes construíron unha gran fábrica no lugar onde estaba o bosque. Os directivos da empresa aseguran que o oso é un home e insisten en poñelo a traballar.

Así comezan as aventuras de *O oso que non o era*, un fermoso conto que nos fala da incapacidade de recoñecer o outro na súa diferenza, pero tamén do enfrontamento entre o que chamamos progreso e a conservación da contorna ecolóxica.

DATA

21 de outubro ás 18.30 h

Elisa e Marcela | A Panadaría

TEXTO: Esther F. Carrodegua, Gena Baamonde e A Panadaría | **DIRECCIÓN:** Gena Baamonde | **ELENCO:** Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman | **VESTIARIO E CARCATERIZACIÓN:** Fany Bello | **ESCENOGRAFÍA/ILUMINACIÓN:** Laura Iturralde e Montserrat Piñeiro | **MÚSICA:** Ailén Kendelman

O 8 de xuño de 1901 dúas mulleres, Elisa e Marcela, casan na igrexa de San Xurxo na Coruña. Para conseguir enganar o cura e facer oficial o seu amor, Elisa transfórmase en Mario. A voda e os posteriores sucesos que envolveron a súa historia convértenas no primeiro matrimonio homosexual do que temos constancia en todo o Estado; mais tamén nunhas das mulleres máis transgresoras da historia de Galicia.

Elisa e Marcela son un símbolo do desafío ás regras do binomio de xénero e da defensa dos dereitos das parellas lésbicas.

DATAS

Do 23 ao 28 de outubro

Martes 23 ás 10.00 e ás 12.30 h | Xoves 25 e venres 26 ás 11.00 e ás 20.30 h | Sábado 27 ás 20.30 h |

Domingo 28 ás 18.00 h

ENCANTRO CO PÚBLICO: xoves 25 ao termo da función das 20.30 h

Anarquismos (Polo medio da habitación corre un río máis claro) | Pablo Fidalgo

CREACIÓN, TEXTO E DIRECCIÓN: Pablo Fidalgo | **ELENCO:** Rocío Berenguer, Cláudio da Silva e Ángela Millano | **ILUMINACIÓN:** Pablo Fidalgo e Cláudia Rodrigues | **DIRECCIÓN TÉCNICA:** Cláudia Rodrigues | **SON:** João Bento | **ASISTENTE DE COREOGRAFÍA:** Flora Detraz | **DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN E DIFUSIÓN:** O Rumor do Fumo | **PRODUCCIÓN EXECUTIVA E ASISTENCIA DE DIRECCIÓN:** Amalia Area | **COPRODUCCIÓN:** Maria Matos Teatro Municipal–Temporada 2017/18; Théâtre de la Ville–París; Teatro Municipal do Porto; Centro Dramático Galego; Festival BAD Bilbao; MA avec GRANIT Scènes Nationales du Pays de Montbéliard et de Belfort | **CO APOIO DE:** Festival de Otoño de Madrid; Câmara Municipal da Moita/Centro de Experimentação Artística (Vale da Amoreira); Marche Teatro/Villa Nappi Residences; NAVE Santiago de Chile; Câmara Municipal de Lisboa/Polo Cultural Gaivotas/Boavista; EGEAC; Causas Comuns; Teatro do Eléctrico | **AGRADECIMENTOS:** Luis Nocete e Teresa Martínez

Anarquismos (Polo medio da habitación corre un río máis claro) conta o soño dun home adulto que lembra a casa e os tres compañeiros cos que compartiu os seus primeiros anos de mocidade. Dende a conciencia de que a memoria e o soño son mecanismos imperfectos, sabe que só nese territorio indefinido, cruzado por luces e sons da historia, mostraráselle a súa identidade actual.

Estruturada como un poema épico e como un retrato de grupo, a montaxe inspírase na visión dos vencidos, dos marxinais e dos instantes decisivos, onde aqueles que tiveron algo en común —ideas e utopías— deixan de telo.

DATAS

Do 2 ao 4 de novembro

2 e 3 de novembro ás 20.30 h | 4 de novembro ás 18.00 h

CINEUROPA | Concello de Santiago de Compostela

Dende o ano 1988 Compostela vive a súa peculiar cita cinéfila. Cineuropa é cinema en estado puro. É probablemente o certame de meirande duración temporal do circuío: durante todo o mes de novembro pásase revista ao mellor cinema da temporada, dende os premios de Cannes, Berlín, Venecia ou San Sebastián, ata o pequeno cinema alternativo, reunindo os grandes nomes, os novos realizadores, o xénero documental e a proxección de copias especialmente restauradas para este festival non competitivo, alleo aos intereses económicos, pensado exclusivamente para deleite do espectador.

DATAS

Do 7 ao 28 de novembro

Futuro animal | Twisting the Balance (D10! x Pistacatro)

DIRECCIÓN E DRAMATURXIA: Rolando San Martín | **ELENCO:** Leire Mesa e o Hippy | **DESEÑO AUDIOVISUAL:** Thomas Derderian | **ESPAZO SONORO:** Edoardo María Virtú

Os seres humanos que viven ao outro lado do muro están voluntariamente transformando os seus corpos en animais. O Hippy e a mestra de cerimonias Leire Mesa lévannos a visualizar un espazo multidimensional. Nel, os procesos de deshumanización da sociedade actual vense reflectidos nos cueiros de silicona, nos muros mediáticos de desinformación, a muller rota como símbolo do fracaso humano, os éxodos, os corpos do circo e a súa caducidade.

A espectacularidade do formato escénico que se investiga en *Futuro animal* reside na potencia social, discursiva e poética, que o propio circo pon en movemento no imaxinario popular antes de entrar á carpa a ver un espectáculo circense.

Esta función ten lugar no marco da III Edición de D10!, encontro de innovación e formación en circo organizado por Pistacatro co apoio do Centro Dramático Galego.

DATA

30 de novembro ás 20.30 h

Toda a beleza do mundo | María Move

COREOGRAFÍA E DIRECCIÓN: María Move e Nuria Sotelo | **ELENCO:** María Move | **ESPAZO SONORO:** Nuno dos Santos (Electrónica), Alexis Fernández/Maca/Manuel Fonte (Percusión), Guillermo Cortiñas e María Move | **VESTIARIO:** Marcia Edleditsch (Atelier Efímero) | **ILUMINACIÓN:** Afonso Castro | **ASISTENTE DE COREOGRAFÍA:** Beatriz Pérez | **PRODUCCIÓN:** María Move e Manu Lago

Solo de danza e voz. A danza dun proceso no que o movemento expresa emocións puras. Danza ligada á nosa orixe, península multicultural. A danza da nosa biografía, o lugar da nosa procedencia, o que habitamos. O tambor do noso peito: movemento que vibra, sinto dese xeito que a voz xorde e chega desde a superficie ao fondo dos corpos. Toda a beleza que xoga co tempo, a luz, o ritmo, as capas que se pegan e despegan do corpo, o que nos toca, a velocidade, o abismo, o cambio.

A auga, o son, o momento presente. A verdade.

Son. Expresión; luz e sombra. Eixo. Onde toda beleza nace.

DATAS

1 de decembro ás 20.30 h | 2 de decembro ás 18.00 h

Casquería e outras vísceras | Xerpo Teatro

DRAMATURXIA E DIRECCIÓN: Irene Moreira | **ELENCO:** Olga Cameselle e Álex Sobrino | **ESCENOGRAFÍA, ILUMINACIÓN E VESTIARIO:** Montse Piñeiro | **ESPAZO SONORO:** Natalia Cancela | **AXUDANTE DE DIRECCIÓN:** José Vaquero

Casquería e outras vísceras fala da substancia interior do ser humano. A través da linguaxe poética e dunha dramaturxia das posibilidades, ofrécelle á espectadora un lugar para a reflexión e para a acción.

Por que a sociedade non é quen de detectar o talento? Ao mellor é porque non está conectada coa súa identidade. A identidade foise diluíndo en feitos maquinais como traballo, consumo, supervivencia... Teremos que volver militar no pensamento da acción e resistir dende as vísceras, ou ao mellor temos que pensar outros mecanismos para non sentírnos fóra, na periferia, ante un futuro asolagado.

DATAS

8 de decembro ás 20.30 h | 9 de decembro ás 18.00 h

Peregrinos musicais | Sociedade Filharmónica Rías Baixas

SOPRANO: Indra Sesti di Lucca | **CUARTETO:** Ad Libitum Strings | **VIOLÍN:** Abi Smeu

Concerto de Nadal no que se interpretan pezas de Albinoni, Anderson, Häendel, Morricone, Piazzola, Schostakovich, Tartini, Webber e Wolf.

Indra Sesti Di Lucca, nada na Habana (Cuba), é licenciada en Música na especialidade de Canto Lírico polo Instituto Superior de Arte da Habana e foi cantante solista da Ópera Nacional. Na actualidade é alumna de José A. Campos. Así mesmo, é soprano solista do grupo de Música Renacentista Herbens Consort. Recentemente interpretou a ópera *The Telephone* (Lucy), de G. Menotti, acompañada pola Real Filharmonía de Galicia.

O cuarteto Ad Libitum Strings está formado por Ailsa Lewin, cello; Grigori Nedobora, violín; Timur Sadykov, viola; e Anka Smeu, violín.

DATA

17 de decembro ás 20.30 h

Soños | Down Lugo

TEXTO: A partir de William Shakespeare | **DRAMATURXIA E DIRECCIÓN:** Paloma Lugilde | **ELENCO:** Alba Abuín Prado, Marta Cabaleiro Díaz, M.^a Isabel Casanova Rivas, Marcos Cruz Moreno, Modesto Dafouz Castro, Laura del Cerro Torres, Javier Fernández Gontá, Isabel García García, Francisco García Rancaño, Mickel González Santalla, Saúl Montoya Montoya, Carlota Mosquera Ramil, María Varela Darriba e Alberto Vázquez Salgueiros

Baseado no marabilloso mundo de *Soño dunha noite de verán*, pretendemos entrar na historia a través de sensacións, danza, teatro e audiovisual. Que pasa no interior de cada un dos personaxes? Onde podemos atopar os medos e a felicidade?

DATA

19 de decembro ás 11.30 h

Go On! | Malasombra

TEXTO: José Luis Prieto | **DIRECCIÓN:** Marcos Orsi | **ELENCO:** Xoque Carbajal e Jouse García

Logo da chegada do home á lúa, á humanidade só lle faltaba un reto: a chegada do home a Galicia. En 2010 (ano 25 despois de Gayoso), dous intrépidos exploradores tiveron o valor de penetrar as descoñecidas terras galaicas a través da ruta xacobeá. *Go On!* unha emocionante novela de aventuras que recolle esta experiencia límite e deixa aos do *Al filo de lo imposible* como simples *boyscouts*.

"Que din os rumoresos na costa verdecente?" *Go On!* Unha odisea cómica no espazo galego.

DATA

18 de xaneiro ás 20.30 h

D.E.P. Descanse en paz | Malasombra

TEXTO: Pep Antón Gómez e Jordi Sánchez | **TRADUCCIÓN E ADAPTACIÓN:** Xoque Carbajal | **DIRECCIÓN:** Marcos Orsi | **ELENCO:** Xoque Carbajal e Jouse García | **ESCENOGRAFÍA:** Marcelino de Santiago Kukas | **ILUMINACIÓN:** Xúlio Lago

Trepidante comedia na que se mostra, con moito humor, o egoísmo, a mentira e o engano entre irmáns ante a repartición dunha herdanza. Uns seres humanos que amosan o seu lado máis cruel, ante a disputa de bens materiais: "Que mamá morra axiña por favor!" Pero aínda hai algo que a fai moito máis singular e é que neste caso, a herdanza é dunha nai que aínda NON ESTÁ MORTA.

Unha herdanza sen problemas non é herdanza, senón milagre. Ou, como dicían as nosas avoas: "A quen Deus non lle dá fillos, o demo dálle sobriños". Isto é D.E.P. Unha comedia, claro.

DATA

19 de xaneiro ás 20.30 h

Bicos con lingua | Talía Teatro

TEXTO: Avelino González, Cándido Pazó, Xavier Lama, Suso de Toro, Ana Iglesias, Núñez Singala, Marta Echeverría | **DIRECCIÓN:** Avelino González | **ELENCO:** Toño Casais e Artur Trillo | **ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO:** Carlos Alonso | **ILUMINACIÓN:** Dani Trillo

Este espectáculo nace dun forte sentimento de amor cara a algo tan propio como a nosa lingua. Non se trata en ningún momento dun exercicio de victimismo, nada máis lonxe da nosa intención, senón de afondar nun problema real e, certamente, preocupante. Así, pretendemos que esta montaxe supoña para o espectador unha experiencia de redescubrimiento dunha lingua que existe e que medra na súa inmensa riqueza, a pesar dos usos e abusos aos que está sometida de cotío.

DATA

11 de febreiro ás 10.30 e 12.00 h

Pelos na lingua | Talía Teatro

TEXTO: Avelino González, María Ordóñez, Artur Trillo e Séchu Sende | **DIRECCIÓN:** Avelino González | **ELENCO:** Toño Casais, María Ordóñez e Artur Trillo | **VESTIARIO:** Marcia Edletisch | **ILUMINACIÓN:** Dani Pais | **MÚSICA:** Mano Panforreteiro | **COREOGRAFÍA:** Ánxela Blanco

Un divertido espectáculo-colaxe que fala en clave positiva da situación crítica que está vivir a lingua galega. *Pelos na lingua* vai destinado a todo o mundo (e non esaxeramos), independentemente da súa posición respecto á lingua: aos galego falantes, aos que non o son, aos que queren selo pero non se atreven, aos que si queren selo e tomaron esa determinación, aos que non o falan porque non o saben falar ben, aos que lles dá igual que se fale ou non, aos que pensan que o galego debería ser a lingua universal, aos que pensan que debería ser o inglés a lingua universal, aos que cren que a maioría dos galegos falan castelán, aos que cren que a maioría dos galegos falan galego, aos políticos, aos mestres, ao alumnado, aos actores, ás actrices, aos carpinteiros, ás carpinteiras, a todos e a todas.

DATA

12 de febreiro ás 10.30 e 12.00 h

O furancho | Ibuprofeno Teatro

TEXTO E DIRECCIÓN: Santiago Cortegoso | **CREACIÓN E INTERPRETACIÓN:** Marián Bañobre e Isabel Risco | **MOVEMENTO ESCÉNICO:** Carmela Bueno | **ESCENOGRAFÍA:** Marián Bañobre e Santiago Cortegoso | **VESTIARIO:** Marián Bañobre | **ILUMINACIÓN:** Salvador del Río | **SON:** Quito | **MÚSICA:** Radio Cos

No noso furancho pódese consumir o excedente de viño, que é sinónimo de humor, e gozar dun espazo de comunión e complicidade no que o público acode a empaparse coa máis pura e sincera expresión da comedia hilarante. E para quen non sexa de moito beber alcohol, no noso Furancho Spa Resort Vitivinícola Rosalía de Castro ofrecemos tratamentos de beleza e saúde baseados na viñoterapia. O corpo humano é unha parra que se expande. Cada célula é unha uva que nos flúe por dentro. Nós cruzamos as sementes das cepas máis exquisitas para atopar a combinación perfecta que che achegue relax e benestar. Todo sen química, nin sulfitos. Ecolóxico 100%.

DATAS

Do 21 ao 24 de febreiro

Xoves 21 e sábado 23 ás 20.30 h | Venres 22 ás 11.00 e ás 20.30 h | Domingo 24 ás 18.00 h

ENCUNTRO CO PÚBLICO: xoves 21 ao termo da función

Os fillos do sol | Contraproducións

TEXTO E DIRECCIÓN: Cándido Pazó | **ELENCO:** Alba Bermúdez, César Cambeiro e Adrián Ríos | **ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO:** Carlos Alonso | **ILUMINACIÓN:** Afonso Castro | **MÚSICA:** Guillermo Fernández

Elucubración teatral sobre a figura de Eduardo Pondal e a súa obsesión coa obra que ocupou toda a súa vida como escritor: *Os Eoas*. A cabalo entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática, don Eduardo, xa octoxenario e comesto pola neurose dos seus últimos anos, confronta as súas dúbidas, medos e insatisfaccións creativas, tendo por interlocutores un personaxe nacido da súa perturbación: Eduardo, el mesmo cando comezaba, de mozo, a súa carreira literaria. E, como contrapunto, a vida real e diaria representada por Rosa, a criada da pensión na que o bardo está albergado.

DATAS

Do 9 ao 12 de maio

Xoves 9 ás 11.00 e ás 20.30 h | Venres 10 ás 10.00, 12.00 e 20.30 h | Sábado 11 ás 20.30 h | Domingo 12 ás 18.00 h

ENCUNTRO CO PÚBLICO: xoves 9 ao termo da función das 20.30 h

Mostra de Cinema Latinoamericano | Fundación Araguany

Esta mostra aspira a ofrecer unha visión o máis ampla e transversal posible da realidade social e cultural desta rexión do planeta, respectando a súa riquísima diversidade e os seus matices a través del cine. Deste xeito, rompe unha vez máis estereotipos, para achegarse a un ámbito cultural tan próximo, a pesar da distancia.

Nesta segunda edición da Mostra de Cinema Latinoamericano, a Fundación Araguaney continúa a afrontar o reto que supón saldar unha débeda cun dos seus piares: América Latina.

DATAS

Do 20 ao 24 de maio

Afterparty | A Feroz

TEXTO & DIRECCIÓN: Lorena Conde | **ELENCO:** Lolo Castro, Gustavo Freire, Beatriz Romero e Inés Salvado | **ESCENOGRAFÍA:** Cecilia Castro Mosquera e Álvaro G. Mallo | **ILUMINACIÓN:** A Feroz | **ESPAZO SONORO:** Manuel Abraldes | **PRODUCCIÓN:** Beatriz Romero | **CON:** colaboradores sorpresa

Tiñan a festa preparada, dicían. Era para ti. A que che estaban montando ía ser de traca. Había de todo. E gratis. Estábancha a preparar a forza de levantarse ás sete seis días á semana, corenta e oito semanas ao ano, ano tras ano tras ano. Todo para que tiveras o que non tiveron, para que chegaras a onde non chegaron.

Dende 1975 xurúsenos que, se as notas non baixaban o ano seguinte, se non nos metiamos drogas e non nos xuntabamos con malas compañías, estaba todo feito. Pero non é. A cambio imos de pedrada en pedrada, recollendo os restos da festa para reconstruíla unha e outra vez. Somos a xeración que herdou os restos. Os que bebemos de vasos usados e comemos as sobras. Pero agora chegamos e, xa que estamos aquí, ímola montar.

Afterparty é un artefacto escénico no que a letra, a música, o espazo e o corpo medran á vez nun proceso de creación interdisciplinar. Unha peza que fala da decepción, do empeño na felicidade e das preguntas que se fai unha xeración que chegou tarde a todo. Nesta montaxe constrúe un relato emocional no que reina o espírito do lixo, do exceso posmoderno, do Estudio 54 ás 11.00 da mañá, dos restos das vodas de Canaan.

DATAS

Sábado 1 de xuño ás 21.00 e domingo 2 de xuño ás 19.30 h

Down Compostela

Formado actualmente por 19 actores e actrices e dirixido por Lucas Herrador, o Grupo de Teatro Down Compostela nace en 2009 coa adaptación da obra *Alicia no país das maravillas* estreada no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela. Dende esta data ata a actualidade ensaiáronse e representáronse oito obras máis, cada ano unha obra diferente: *Esopo e as súas fábulas* (2010), *Romeo e Xulieta* (2011), *Fuenteovejuna* (2012), *Vodas de sangue* (2013), *As probas de Hércules* (2014), *Só ante a Perigos* (2015), *Búscame a ese tipo* (2016) e *Arturo, Arthur, Artur* (2017).

DATA

7 de xuño ás 20.00 h

Galicia Escena PRO

O Salón Teatro alberga de novo unha parte importante de Galicia Escena PRO (GEP), o mercado galego das artes escénicas que cada ano organiza en Santiago de Compostela a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura e Turismo. A través dunha escolma de espectáculos de recente produción e dun programa de actividades paralelas, esta iniciativa tómalle o pulso á actualidade do sector en Galicia. Ao tempo, bríndalles aos seus profesionais unha plataforma dende a que expoñer os seus novos traballos diante do público xeral e dos programadores e demais axentes culturais.

Xunto coa súa faceta de exhibición, Galicia Escena PRO artículase como punto de encontro profesional que busca estimular a dinámica comercial do sector, así como a proxección social da creación escénica.

DATAS

Do 10 ao 14 de xuño



CARTELEIRA SALÓN TEATRO

SETEMBRO

Música

Sábado 15

Sofía Mestre Clothilde Twitcher

WOS Festival x SON Estrella Galicia

Residencia/Coprodución

Do luns 3 ao domingo 30

Pistacatro *Arnoia Arnoia*

OUTUBRO

Residencia/Coprodución

Do luns 1 ao sábado 20

Pistacatro *Arnoia Arnoia*

Teatro de monicreques

Domingo 21

Mano y Contramano *El oso que no lo era*

Festival Internacional Galicreques

Coprodución

Do martes 23 ao domingo 28

A Panadaría *Elisa e Marcela*

NOVEMBRO

Coprodución

Do venres 2 ao domingo 4

Pablo Fidalgo *Anarquismos*

Cinema

Do mércores 7 ao mércores 28

Cineuropa

Circo

Venres 30

Twisting the Balance *Futuro animal*

Foro D10!

DECEMBRO

Danza

Sábado 1 e domingo 2

María Move *Toda a beleza do mundo*

Teatro

Sábado 8 e Domingo 9

Xerpo Teatro *Casquería e outras vísceras*

Residencia

Do luns 11 ao domingo 16

Inversa Teatro *Sofía e as postsocráticas*

Música

Luns 17

Sociedade Filharmónica Rías Baixas

Peregrinos musicais

Teatro

Mércores 19

Down Lugo *Soños*



Gran teatro para os máis pequenos + **TALLER**

Sábado 22 e domingo 23

Xarope Tulú *Nómades*



Gran teatro para os máis pequenos + **TALLER**

Sábado 29 e domingo 30

Malasombra *Os fabulosos Cleaners*

XANEIRO



Gran teatro para os máis pequenos + **TALLER**

Xoves 3 e venres 4

Galeatro *Muiñada*

Residencia/Teatro

Proxecto Pank+Funboa Escénica

Xoves 17 *O que segue*

Venres 11 e sábado 12 *Masa madre+sal marina*

Domingo 13 *Eso que vi*

Teatro

Venres 18

Malasombra *Go on!*

Teatro

Sábado 19

Malasombra *D.E.P. Descanse en paz*

Residencia/Coprodución

Do luns 21 ao domingo 27

Berrobambán *Doppelgänger*

Residencia/Teatro

Do martes 29 ao xoves 31

Artesa Cía. *Chola a It Girl*

FEBREIRO

Residencia/Teatro

Do venres 1 ao domingo 3

Artesa Cía. *Chola a It Girl*

Residencia

Do luns 4 ao domingo 10

Colectivo Marciano Balboa *O inevitable*

Festival Escenas do Cambio

Teatro

Talía Teatro

Luns 11 *Bicos con lingua*

Martes 12 *Pelos na lingua*

Formación

Do venres 8 ao venres 15

Idoia Zabaleta *A escoliña do espectador/a*

Festival Escenas do Cambio

Teatro

Do xoves 21 ao domingo 24

Ibuprofeno Teatro *O Furancho*

Residencia/Coprodución

Do luns 25 ao xoves 28

Contraproducións *A compañeira de piso*

MARZO

Residencia/Coprodución

Do venres 1 ao domingo 3

Contraproducións *A compañeira de piso*

ABRIL

Estrea

Xoves 11 de abril

Produción propia CDG *Neorretranca e posmorriña*

Funcións

Do venres 12 ao martes 30

Produción propia CDG *Neorretranca e posmorriña*

MAIO

Funcións

Do mércores 1 ao domingo 5

Produción propia CDG *Neorretranca e posmorriña*

Teatro

Do xoves 9 ao domingo 12

Contraproducións *Os fillos do sol*

Residencia/Teatro

Redrum Teatro

Martes 14 e mércores 15 *A nena que quería navegar*

Xoves 16 e venres 17 *Contos do recreo*

Sábado 18 e domingo 19 *Invisibles*

Cine

Do luns 20 ao venres 24

Mostra de Cinema Latinoamericano Araguey

Teatro Ob-sceno

Do venres 24 ao domingo 26

Rinoceronte Teatro *Alicia morreu de sobredose*

Sal do Teatro *Váter*

Coprodución

Sábado 25 e domingo 26

Javier Martín *Soma*

Xira

Do luns 6 ao venres 31

Produción propia CDG *Neorretranca e posmorriña*

XUÑO

Teatro

Sábado 1 e domingo 2A Feroz *Afterparty*

Teatro amator

Venres 7

Down Compostela

Teatro

Do luns 10 ao venres 14

Galicia Escena PRO

Formación

Do luns 17 ao venres 21Mikel Aristegui *O corpo coma forma de expresión*

Formación

Do luns 24 ao venres 28Pablo Viar *Xogar a ser outr@*

Xira

Do sábado 1 ao domingo 30Produción propia CDG *Neorretranca e posmorriña*

XULLO

Formación

Do luns 1 ao venres 5Rosa Moledo *As cancelas do falar*

Formación

Do luns 8 ao venres 12Jordi Casanovas *Ficción e documento*

Formación

Xunha ollada diferente

SERVIZOS

Cesión de materiais

Os fondos do CDG están á disposición daquelas entidades que os soliciten. O préstamo está suxeito á dispoñibilidade dos fondos no momento do pedimento.

Cesión de espazos

Os diferentes espazos do Salón Teatro están á disposición daquelas entidades que os soliciten. A cesión está suxeita á dispoñibilidade destes nas datas do pedimento.

Visitas guiadas

Ofrécense visitas guiadas polo Salón Teatro a grupos (mínimo de 10 persoas) para achegar o edificio e a súa actividade a todos aqueles que estean interesados. Así mesmo, ofrécense visitas guiadas técnicas (levadas a cabo por un membro do noso equipo técnico) orientadas a grupos de estudantes (mínimo de 10 persoas) de Artes Escénicas, Producción ou Tecnoloxía do Espectáculo. Ademais, cada ano o CDG abre as súas portas, e ofrece quendas de visitas guiadas de balde no Día Mundial do Teatro e no Día das Letras Galegas.

Teatro inclusivo

En 2018, o Salón Teatro comezou o proceso para converterse nun teatro inclusivo. Ademais de ser un teatro accesible, dentro deste programa ofrécense durante toda a temporada o servizo de amplificación de son por medio de auriculares durante toda a actividade de exhibición do Salón Teatro. Para garantir a dispoñibilidade deste servizo, hai que reservalo previamente. Ademais, realízase unha función totalmente inclusiva das nosas producións propias con audiodescrición, linguaxe de signos ou sobretítulos e programa de man en lectura fácil (dispoñibilidade de audiodescrición e espazos para cadeira de rodas logo dunha reserva).

Domingos de conciliación

Taller de Artes Escénicas para os máis pequenos mentres os pais van ao teatro.
Se tes entre 5 e 12 anos e estás farta/o dos teus pais, adiántate a eles por unha vez! Deixa os teus pais no Salón Teatro os domingos para a función das 18.00 ás

19.30 h e ti poderás facer un obradoiro de artes escénicas (con monicreques, teatro de sombras, e moitos xogos máis) na Fundación Granell sen ningún custo engadido.

Día: os domingos de exhibición da produción propia.

Despacho de billetes

DESCONTOS*

O CDG continúa coa súa política de descontos na procura de facilitar o acceso ao teatro a todos os públicos.

65 % Funcións escolares

60 % Grupos a partir de 10 persoas logo de reserva (con necesidade de organizar algún sistema de transporte)

50 % Día do espectador (domingo)*

40 % Grupos (a partir de 10 persoas, logo de reserva)

40 % Carné Xove, desempregados, estudantes, familia numerosa, maiores de 65, xubilados

40 % Profesionais das artes escénicas e xornalistas con acreditación, membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC)

40 % Bono Nadal'18

*3 entradas ou máis para calquera das funcións do ciclo *Gran teatro para os máis pequenos* + Taller gratuítos

20 % Funcións do ciclo *Gran Teatro para os máis pequenos* + Taller gratuítos

PROMOCIÓN

Producións propias: 3x2 (só no despacho de billetes)
(se traes dous espectadores, invitámoste ao teatro)

*Os descontos non son acumulables. O día do espectador quedan anulados outros posibles descontos.

*Día do espectador: é decisión de cada compañía aplicar este desconto. Si se aplicará en todas as propostas escénicas dependentes do CDG.

